Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura das prazas de profesorado especialista nos centros educativos de Pontedeume

- 38669 (12/POP-005500)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o número de prazas de profesorado especialista previstas en Pontedeume para o curso 2025-2026 e as que están cubertas actualmente

- 38672 (12/POP-005501)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego en canto á presentación de informes sobre a cobertura e as necesidades para o curso 2025-2026 de profesorado especialista nos centros educativos de Pontedeume

- 38675 (12/POP-005502)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as *ratios* de alumnos por aula nos centros educativos de Pontedeume

- 38681 (12/POP-005503)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre a postura da Consellería de Sanidade respecto do reforzamento e da ampliación dos servizos e das especialidades médicas no Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira, de Cee

- 38695 (12/POP-005505)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre o impulso da figura dos parques eólicos singulares para potenciar as comunidades enerxéticas, o autoconsumo e a participación dos concellos

- 38701 (12/POP-005506)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 2 máis
Sobre a información dirixida por parte da Xunta de Galicia ás persoas propietarias de explotacións avícolas en relación co andazo de gripe aviaria

- 38712 (12/POP-005507)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 7 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora dos centros de investigación agraria de Galicia

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 38721 (12/POP-005508)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as valoracións e manifestacións que vén facendo o Goberno galego respecto das resolucións xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico

- 38727 (12/POP-005509)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 7 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da continuidade do seu apoio ao proxecto industrial de Altri na Ulloa

- 38732 (12/POP-005510)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as necesidades do Centro de Saúde de Ferreira de Pantón en canto á súa dotación de persoal facultativo

- 38738 (12/POP-005511)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade dunha revisión dialogada, no ámbito do deporte, do protocolo de actuación ante alertas meteorolóxicas aprobado en 2025

- 38743 (12/POP-005512)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a compatibilidade dos proxectos eólicos coa protección da paisaxe

- 38747 (12/POP-005513)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Chao Rivas, Saleta e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas zonas afectadas do treito suspendido da senda ciclista e peonil que vai do Milladoiro á estación intermodal de Santiago de Compostela

- 38752 (12/POP-005514)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes
Sobre o anuncio da Universidad Intercontinental de la Empresa relativo á impartición dos graos en Biomedicina, Fisioterapia Médica e Deportiva e o mestrado habilitante en Psicoloxía Clínica

- 38759 (12/POP-005515)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego ante a proposta de construción dunha residencia de maiores no concello de Oroso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 38762 (12/POP-005516)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio respecto da dotación do concello de Oroso dunha residencia pública de maiores

- 38768 (12/POP-005517)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Chao Rivas, Saleta e Fernández Davila, María Cristina
Sobre as demandas da comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes, de Santiago de Compostela, relativas á dotación deste centro de profesorado especialista e persoal coidador

- 38777 (12/POP-005518)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a eventual finalización por parte da Xunta de Galicia do proxecto iniciado polo Concello de Cariño en 2006 para construír unha residencia e un centro de día públicos para maiores

- 38787 (12/POP-005519)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da xestión do Bono Social Térmico

- 38792 (12/POP-005520)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a posibilidade de impulsar un convenio entre o Concello de Foz e o IGVS para construír vivenda de alugueiro social nunha parcela previamente adquirida pola Administración local desa vila

### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 38361 (12/POC-006178)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as razóns da eliminación ou diminución dos orzamentos de Augas de Galicia relativos á participación pública, á transparencia e á educación para a sustentabilidade
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38377 (12/POC-006179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina
Sobre a dotación docente e de unidades escolares dos centros de ensino públicos para o curso 2025-2026 e as previsións que ten a Xunta de Galicia nestes aspectos no CEIP Tarrío, de Culleredo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 38355 (12/POC-006180)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 9 máis
Sobre o funcionamento dos novos xulgados de violencia contra a muller constituídos en Santiago de Compostela e Vigo
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38381 (12/POC-006181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina
Sobre a dotación docente e de unidades escolares dos centros de ensino públicos para o curso 2025-2026 e as necesidades de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e en Audición e Linguaxe no CEIP Ría do Burgo, de Culleredo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38434 (12/POC-006182)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 9 máis
Sobre as medidas previstas no Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar e as actuacións que o Goberno galego está desenvolvendo nesta materia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38438 (12/POC-006183)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia en relación co proxecto eólico Greco e a protección do patrimonio natural e paisaxístico da serra do Suído e dos concellos nos que se prevé asentar
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38445 (12/POC-006184)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre a perda de recadación a través do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental debido aos procesos de repotenciación dos aeroxeradores e as previsións do Goberno galego ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 38452 (12/POC-006185)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre a valoración dos datos relativos ás listaxes de espera sanitarias en Galicia correspondentes ao primeiro semestre de 2025
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38457 (12/POC-006186)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas que a directora xeral da CSAG prevé aplicar a curto e medio prazo para mellorar a programación e información da TVG
Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

- 38463 (12/POC-006187)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a situación do servizo de partos do Hospital Comarcal de Valdeorras debido a unha avaría na incubadora de traslado neonatal e as previsións da Xunta de Galicia canto á mellora do equipamento
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38470 (12/POC-006188)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a situación do desemprego de longa duración en Galicia e as actuacións e previsións do Goberno galego en materia de políticas de inserción laboral deste colectivo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38476 (12/POC-006189)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a dotación actual de persoal coidador no CEIP Couceiro Freijomil, de Pontedeume, e a postura da Xunta de Galicia ante as demandas de incremento dada a ampliación da matrícula no centro
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38479 (12/POC-006190)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as valoracións que fai a Xunta de Galicia verbo da remisión ao Valedor do Pobo dunha queixa pola dotación de persoal coidador coa que conta o CEIP Couceiro Freijomil, de Pontedeume
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38482 (12/POC-006191)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Comesaña, Julio e 8 máis
Sobre o preacordo acadado polo Goberno galego coas tres universidades públicas galegas sobre o futuro dos estudos de medicina
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38492 (12/POC-006192)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da actual dotación de persoal coidador e de profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe dos centros educativos públicos de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 38497 (12/POC-006193)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao incremento para o curso 2025-2026 de prazas de docentes en Pedagoxía Terapéutica e en Audición e Linguaxe, así como de persoal coidador
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38501 (12/POC-006194)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para revisar o catálogo e a distribución do persoal de atención á diversidade nos centros educativos de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38505 (12/POC-006195)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido á dotación dos recursos humanos precisos para atender a todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38512 (12/POC-006196)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a avaliación que leva a cabo o Goberno galego respecto das súas políticas activas de emprego e as previsións respecto da posta en marcha dun sistema integral que mellore a transparencia e a súa eficacia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38531 (12/POC-006197)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna
Sobre as condicións en que se desenvolve na actualidade a atención educativa domiciliaria e as previsións da Xunta de Galicia nesta materia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38547 (12/POC-006198)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Prado Cores, María Montserrat
Sobre os prazos, a planificación orzamentaria e as dotacións e recursos previstos en relación coa construción do novo centro de saúde do Carballiño
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38552 (12/POC-006199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os incumprimentos dos contratos no transporte público por estrada na comarca do Baixo Miño
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38562 (12/POC-006201)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demora na cobertura da vacante que existe no cadro de docentes do CEIP Couceiro Freijomil, de Pontedeume, debido a unha comisión de servizos e o prazo previsto para levala a cabo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38565 (12/POC-006202)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a carencia dunha titoría de educación infantil no CEIP Couceiro Freijomil, de Pontedeume, producida por unha comisión de servizos e a valoración e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38572 (12/POC-006203)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre o grao de implicación do Goberno galego no proceso de creación do polígono industrial do concello de Muras e as súas previsións ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 38578 (12/POC-006204)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre os criterios do Goberno galego para a asignación de investimentos en depuración e saneamento nos orzamentos de 2026 e o grao de cumprimento do principio de equidade territorial e ambiental
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38584 (12/POC-006205)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en canto ao cumprimento dos compromisos e acordos adquiridos na unión dos concellos de Oza e Cesuras
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38591 (12/POC-006206)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o ritmo nos traballos de mantemento das redes de abastecemento de auga, o financiamento destinado, o nivel de execución orzamentaria destas partidas e as previsións do Goberno galego nesta materia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 38609 (12/POC-006207)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre a sobrecarga de traballo que sofren actualmente os xulgados de primeira instancia e instrución de Carballo e as previsións da Xunta de Galicia para o seu reforzo material e de recursos humanos
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38612 (12/POC-006208)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat
Sobre os problemas de atención sanitaria en Viana do Bolo e Vilariño de Conso polas fallas na cobertura das ausencias do persoal médico no centro de saúde e no PAC
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38618 (12/POC-006209)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre os fallos detectados nas incubadoras do Hospital Comarcal de Valdeorras e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a plena atención neste servizo do hospital
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38624 (12/POC-006210)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora dos recursos humanos da sanidade no nivel de atención primaria, ao reforzo da súa capacidade resolutiva e á coordinación coa atención hospitalaria
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38635 (12/POC-006211)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as posibilidades de que o Goberno galego acometa unha rehabilitación integral do CEIP de Sigüeiro, de Oroso, o seu criterio sobre a necesidade destas obras e, de ser o caso, os prazos de execución
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38638 (12/POC-006212)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a valoración que fai o Goberno galego das condicións en que se atopan actualmente as instalacións do CEIP de Sigüeiro, do concello de Oroso
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38641 (12/POC-006213)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para programar a rehabilitación do CEIP de Sigüeiro, de Oroso, que inclúa a fontanería, a electricidade, as ventás e a fachada
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38644 (12/POC-006214)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto a unha eventual incorporación nos próximos orzamentos dunha partida específica para financiar as obras de rehabilitación integral do CEIP de Sigüeiro, de Oroso
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 38645 (12/POC-006215)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto a unha eventual incorporación nos próximos orzamentos dunha partida específica para financiar as obras de rehabilitación integral do CEIP de Sigüeiro, de Oroso
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38650 (12/POC-006216)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a postura do Goberno galego ante o vindeiro Plan estatal de vivenda 2026-2030 e as alegacións que formulou ao seu borrador
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38658 (12/POC-006217)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a postura do Goberno galego ante a proposta de diálogo coas organizacións profesionais e sindicais da sanidade para a mellora laboral do persoal da atención primaria e a procura da sustentabilidade e a calidade deste nivel asistencial
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38661 (12/POC-006218)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis
Sobre os problemas para a posta en marcha do sistema de rega con augas residuais depuradas de Xaz, no concello de Oleiros
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38667 (12/POC-006219)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura das prazas de profesorado especialista nos centros educativos de Pontedeume
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 38670 (12/POC-006220)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as prazas de profesorado especialista previstas en Pontedeume para o curso 2025-2026, as prazas cubertas e a postura do Goberno galego ante a proposta de creación dun plan específico de atención á diversidade neste concello
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38673 (12/POC-006221)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego en canto á elaboración e presentación de informes sobre a cobertura e as necesidades para o curso 2025-2026 de profesorado especialista nos centros educativos de Pontedeume
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38676 (12/POC-006222)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as *ratios* de alumnos por aula nos centros educativos de Pontedeume
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38683 (12/POC-006223)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao reforzamento e á ampliación dos servizos e das especialidades médicas no Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira, de Cee
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38694 (12/POC-006225)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre o número de parques eólicos singulares desenvolvidos en Galicia, a súa potencia e a postura do Goberno galego respecto do desenvolvemento dunha enerxía eólica que garanta o retorno social dos beneficios
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 38700 (12/POC-006226)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 2 máis
Sobre o andazo de gripe aviaria en Galicia e as valoracións e actuacións do Goberno galego ante esta situación
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 38711 (12/POC-006227)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 7 máis

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as condicións en que está o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, así como os seus centros asociados, e mais as previsións do Goberno galego en relación co mantemento dos seus recursos e do seu nivel investigador
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 38720 (12/POC-006228)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as valoracións e manifestacións que vén facendo o Goberno galego respecto das resolucións xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38726 (12/POC-006229)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 7 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da continuidade do seu apoio ao proxecto industrial de Altri na Ulloa
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38731 (12/POC-006230)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación do Centro de Saúde de Ferreira de Pantón en canto á súa dotación de persoal facultativo e as valoracións da Xunta de Galicia verbo dos problemas de atención sanitaria neste concello
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38737 (12/POC-006231)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade dunha revisión dialogada, no ámbito do deporte, do protocolo de actuación ante alertas meteorolóxicas aprobado en 2025
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38742 (12/POC-006232)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as modificacións normativas que está a tramitar a Xunta de Galicia en relación coa protección da paisaxe e a súa implicación no desenvolvemento dos proxectos eólicos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38746 (12/POC-006233)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Chao Rivas, Saleta e 3 máis
Sobre a suspensión dun treito do proxecto da senda ciclista e peonil entre O Milladoiro e a estación intermodal de Santiago de Compostela e os seus efectos técnicos e orzamentarios
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 38751 (12/POC-006234)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes
Sobre o anuncio da Universidad Intercontinental de la Empresa relativo á impartición dos graos en Biomedicina, Fisioterapia Médica e Deportiva e o mestrado habilitante en Psicoloxía Clínica e a valoración que fai a Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38760 (12/POC-006235)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego ante a proposta de construción dunha residencia de maiores no concello de Oroso que sexa de titularidade e xestión públicas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38763 (12/POC-006236)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio respecto da dotación do concello de Oroso dunha residencia pública de maiores
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 38764 (12/POC-006237)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio respecto da dotación do concello de Oroso dunha residencia pública de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38767 (12/POC-006238)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Chao Rivas, Saleta e Fernández Davila, María Cristina
Sobre a situación do CEIP Monte dos Postes, de Santiago de Compostela, no que se refire á súa dotación de profesorado especialista e persoal coidador
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38776 (12/POC-006239)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre as necesidades dunha residencia de maiores e un centro de día públicos en Cariño e as previsións da Xunta de Galicia respecto da eventual finalización do proxecto iniciado polo goberno municipal desta vila en 2006
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38779 (12/POC-006240)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o ritmo de construción de vivenda protexida entre 2021 e 2024, o balance do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 e os obxectivos nesta materia para 2026
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38783 (12/POC-006241)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre a eficacia na tramitación das axudas ás familias en vulnerabilidade enerxética e as previsións da Xunta de Galicia en relación co incremento orzamentario para o Bono Social Térmico e coas medidas para acelerar o seu cobramento
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 38793 (12/POC-006242)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre as necesidades de vivenda pública en Foz e a posibilidade de impulsar un convenio entre o Concello de Foz e o IGVS para construír vivenda de alugueiro social nunha parcela previamente adquirida pola Administración local desa vila
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:25
Nº Rexistro: 38362
Data envio: 07/11/2025 09:40:25.281

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto** e **Luis Bará Torres,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de que Augas de Galiza adopte un modelo de gobernanza hidráulica aberto, inclusivo e efectivo .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos de Augas de Galiza para o ano 2026 presentan unha contradición esencial entre o discurso sobre gobernanza participativa e a realidade das partidas asignadas á participación cidadá, transparencia hídrica e educación para a sustentabilidade. Mentres o orzamento total sube un 5,5% ata os 151,7 millóns de euros, as partidas cruciais para implicación da cidadanía desaparecen ou redúcense drasticamente:

• Procesos de participación pública: de 2 a 0 procesos en 2026, 2027 e 2028.

• Transparencia Hídrica: de 1.066.830 euros a 0 euros.

• Educación para a Sustentabilidade: apenas 200.000 euros (0,13% do orzamento), insuficiente para mobilizar maioritariamente a sociedade galega.

Esta situación é incompatible:

• Co artigo 14 da Directiva Marco da Auga (2000/60/CE), que obriga á participación activa da cidadanía na planificación hidrolóxica.

Asinado o día 07/11/2025 ás 09:39
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 07/11/2025 ás 09:39
Por Montserrat Valcárcel Armesto

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Co artigo 16 da Lei 9/2010 de Augas de Galiza, que crea o Consello para o Uso Sustentable da Auga como órgano de participación pública, sen poder vinculante real nin recursos materiais suficientes.

• Co principio de transparencia e participación obrigatorio segundo a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

A falta de procesos participativos revela unha planificación opaca que deslexitima a xestión hidráulica pública, limita o acceso da cidadanía á información e impide que concellos, sector agrario, industrial e veciñal poidan exercer voz real nas decisións sobre vertidos, recursos e infraestruturas.

A educación ambiental e de eficiencia hídrica é pouco máis que simbólica, cunha partida testemuñal cando a DMA e a evidencia técnica apuntan que só unha sociedade implicada pode reducir consumos, mellorar calidade e cumprir os compromisos europeos que evitan sancións e perda de credibilidade institucional.

As experiencias doutras comunidades autónomas e confederacións hidrográficas demostran que a gobernanza participativa, a transparencia de datos e a mobilización social na eficiencia hídrica son posibles e efectivas, sempre que existan vontade política e recursos orzamentarios.

En definitiva, a Xunta de Galiza debería reverter a política de recortes en participación, transparencia e educación, e apostar por un modelo de gobernanza hidráulica verdadeiramente aberto, inclusivo e efectivo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:25
Nº Rexistro: 38362
Data envio: 07/11/2025 09:40:25.281

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón pola que Augas de Galiza proclama constantemente unha gobernanza participativa e inclusiva mentres que os seus orzamentos evidencian o contrario, cando Galiza necesita mobilización social para lograr a eficiencia hídrica e cumprir coa Directiva Marco da Auga?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:25
Nº Rexistro: 38362
Data envio: 07/11/2025 09:40:25.281

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/11/2025 9:39:06**

**Luis Bará Torres na data 07/11/2025 9:39:13**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:25
Nº Rexistro: 38362
Data envio: 07/11/2025 09:40:25.281

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 9:40:25

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 13:32:33
Nº Rexistro: 38378
Data envío: 07/11/2025 13:32:33.046

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falta de profesorado no CEIP Tarrío (Culleredo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio do curso 2025-2026, o CEIP Tarrío está a sofrer varias deficiencias, algunhas delas xa demandadas pola comunidade educativa desde o curso anterior. O CEIP Tarrío precisa:

- un mestre ou mestra para Educación Infantil, xa que parte do horario non está a ser cuberto porque unha das profesionais deste perfil dedica parte do seu tempo (16 horas) a labores de dirección;

- un especialista adicional en Pedagoxía Terapéutica (PT), para cubrir as necesidades do alumnado;

- creación dunha cuarta unidade de 4.º de Educación Primaria. A cantidade de alumnado do centro fai prever que esta necesidade vaia alén deste curso, polo que é preciso consolidar esta cuarta unidade.

O obxectivo destas demandas da comunidade educativa é ofrecer unha atención axeitada ao alumnado. A dirección do centro púxose en contacto coa Consellaría de Educación e, de feito, unha das prazas que precisaban chegou a estar publicada, mais finalmente foi retirada por motivos que se descoñecen, polo que foi preciso reorganizar os horarios e non é posíbel atender todas as necesidades do alumnado.

Asinado o día 07/11/2025 ás 13:31
Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 07/11/2025 ás 13:31
Por Iria Taibo Corsanego
CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 13:32:33
Nº Rexistro: 38378
Data envio: 07/11/2025 13:32:33.046

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza corrixir as limitacións actuais no CEIP Tarrío (Culleredo), concretamente, remitir un novo mestre ou mestra de Educación Infantil, ampliar o servizo de Pedagoxía Terapéutica e crear unha cuarta unidade de 4.ª curso de Educación Primaria?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 13:32:33
Nº Rexistro: 38378
Data envio: 07/11/2025 13:32:33.046

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 07/11/2025 13:31:01
Cristina Fernández Davila na data 07/11/2025 13:31:08

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 13:32:33**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38382
Data envio: 07/11/2025 14:08:54.629

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falta de profesorado no CEIP Ría do Burgo (Culleredo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio do curso 2025-2026, o CEIP Ría do Burgo está a sofrer a falta de profesorado de apoio de Pedagoxía Terapéutica (PT) e Audición en Linguaxe (AL). A comunidade educativa está a protestar por esta falta de profesorado, que fai que a atención ao alumnado con NEE e NEAE non sexa axeitada nin suficiente. A demanda das familias é que o centro conte con profesorado especialista suficiente, horas de apoio e medios que aseguren unha educación inclusiva e digna.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten prevista a Xunta de Galiza corrixir as limitacións actuais no CEIP Ría do Burgo (Culleredo), remitindo o profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) para atender correctamente o alumnado con NEE e NEAE?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 07/11/2025 ás 14:08
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 07/11/2025 ás 14:08
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38382
Data envio: 07/11/2025 14:08:54.629

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 07/11/2025 14:08:03**

**Cristina Fernández Davila na data 07/11/2025 14:08:09**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38382
Data envio: 07/11/2025 14:08:54.629

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 14:08:55**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 10:52:41
Nº Rexistro: 38435
Data envio: 10/11/2025 10:52:41.175

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 10/11/2 10:51 Por José Luis Ferro Ig

**Á Mesa do Parlamento**

**Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O acoso escolar e o ciberacoso son dúas formas de violencia preocupantes na sociedade actual, que afectan directamente á convivencia, á saúde emocional e ao desenvolvemento persoal da infancia e da xuventude. A presenza desta violencia nos centros educativos e nos espazos virtuais require unha resposta conxunta, firme e continua por parte de toda a sociedade, comunidade educativa e das institucións públicas para frear as graves consecuencias que produce entre a xuventude.

É fundamental garantir que cada neno, nena e adolescente se sinta seguro, respectado e acompañado, tanto nas aulas como no ámbito dixital. Para iso, resulta esencial contar con mecanismos de prevención, detección e apoio que sexan accesibles, próximos e eficaces.

O plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso con puntos Laranxas físicos e virtuales para denunciar de forma anónima e segura representa unha ferramenta útil e simbólica no camiño da prevención e alerta. Son espazos seguros donde se pode denunciar de forma anónima e confidencial, pedir axuda ou recibir orientación ante posibles situacións de acoso. A súa presenza nos centros educativos e noutros espazos en liña reforza a mensaxe de que ninguén está só e que teñen a súa disposición os recursos necesario para axudarlles.

Galicia avanza cara a un modelo educativo máis humano, solidario e seguro, onde o benestar do alumnado e a protección dos seus dereitos ocupen sempre o primeiro lugar.

Por Patricia García González
Asinado o día 10/11/2025 ás 10:50 Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 10/11/2025 ás 10:50 Por Nicole Grueira Fernández
CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué actuacións está a levar a cabo o Goberno galego para reforzar a prevención e detección temperá do acoso escolar e do ciberacoso nos centros educativos de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 10:52:41
Nº Rexistro: 38435
Data envio: 10/11/2025 10:52:41.175

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 10/11/2025 10:50:40
Víctor Baladrón Lamas na data 10/11/2025 10:50:54
José Luis Ferro Iglesias na data 10/11/2025 10:51:07
Julio García Comesaña na data 10/11/2025 10:51:16
Patricia García González na data 10/11/2025 10:51:26
Rubén Lorenzo Gómez na data 10/11/2025 10:51:37
Carmen Pomar Tojo na data 10/11/2025 10:51:49
María Felisa Rodriguez Carrera na data 10/11/2025 10:52:00
Raúl Santamaría González na data 10/11/2025 10:52:12
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 10:52:24

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 10:52:41
Nº Rexistro: 38435
Data envio: 10/11/2025 10:52:41.175

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 10:52:41**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:47
Nº Rexistro: 38439
Data envio: 10/11/2025 11:23:47.555

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 10/11/2 11:22 Por Alexandra Fernár
Asinado o día 10/11/2025 ás 11:22 Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 10/11/2025 ás 11:21 Por Luis Bará Torres

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Cristina Fernández Davila**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o proxecto eólico Greco e a demanda de que a administración ambiental galega realice un informe desfavorable polo seu impacto sobre o medio natural e a paisaxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A empresa MOWE ENERGÍA con enderezo en Paseo de la Castellana 259D, planta 46, MADRID, pertencente ao grupo Villar Mir, está a tramitar o proxecto eólico Greco e a súa infraestrutura de evacuación, infraestruturas situadas nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Fornelos, e Covelo na provincia de Pontevedra e Avión e Beariz na provincia de Ourense.

Este megaproxecto industrial eólico, de 109,2 MW de potencia instalada, divídese en 2 zonas:

-GRECO NORTE (72,8MW), integrado por 14 aeroxeradores + 1 de reserva, de 5,2MW de potencia unitaria e 177 m de altura, situados no concello de Cerdedo-Cotobade. Inclúe tamén a SET Greco Norte e liña eléctrica de alta tensión que conecta a SET Greco Norte coa SET Greco Centro, de 14,659 km.

-GRECO CENTRO (36,4MW), integrado por 7 aeroxeradores + 2 de reserva, de 5,2MW de potencia unitaria e 177 m de altura, situados nos concellos de A Lama e Fornelos. Inclúe tamén a SET GRECO CENTRO e liña de alta tensión de evacuación de 12,40 km que conecta coa LAT SET Suído coa SEC Paraño tramitada por Adelanta Corporación ("Instalacións de conexión Beariz 400 kV eixe sur").



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:47
Nº Rexistro: 38439
Data envío: 10/11/2025 11:23:47.555

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais destas infraestruturas hai que ter en conta a afección dos viais de acceso, pistas, plataformas, escavacións, gabias, canalizacións, etc.

Nesta imaxe pode verse as enormes dimensións deste proxecto



2. Estamos diante dun proxecto aberrante, tramitado ao abeiro das normativas que favorecen a depredación do territorio. Un proxecto de grande capacidade destrutiva,



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se vén sumar a outros que están en tramitación na mesma zona (contorna da Serra do Suído e da Serra do Cando):

-Hedreira, de 75MW, e da súa infraestrutura de evacuación asociada, situado nos concellos de A Lama, Beariz e Avión.

-Edreira 1, Ampliación de Edreira I e Coto de Eiras, tres proxectos promovidos polo mesmo grupo inversor que suman 72 MW.

-Liña de evacuación dos proxectos anteriores até a subestación de Pazos de Borbén.

3. Existen numerosas razóns para impedir a tramitación e aprobación deste macropolígono industrial eólico, polo que a Xunta debería emitir canto antes un informe contrario con referencia ás seguintes cuestións:

1º Impacto crítico na Área de Especial Interese Paisaxístico AEIP Serra do Suído. Remitímonos ao informe do Instituto de Estudos do Territorio ao respecto do proxecto eólico Puza, situado na mesma zona: "os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suido, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suido, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora".

2º Impacto directo e crítico nunha Zona Ben Conservada, en estudo, tal como se reflicte no Estudo de Impacto Ambiental do Proxecto. Trátase dunha zona de hábitats de interese prioritario e abundancia de turbeiras, unha parte das cales foron incluídas no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza.

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe sinalar que o goberno galego podería incorrer en responsabilidades polo coñecemento e constancia documental destas zonas e a súa non protección. Asemade, hai que ter en conta que a Xunta xa emitiu informe desfavorable a outro proxecto tramitado nesta zona, o denominado Carballoso (antigo Coto das Airas modificado e ampliado).




Ilustración 51. Zonas bien Conservadas en Estudio

3º Proximidade do subparque Greco Norte á Rede Natura 2000 (ZEC Serra do Cando).

4º Efectos sinérxicos e acumulativos, efecto barreira e superación da capacidade de carga do territorio. Nun radio de 25 km de 17 parques eólicos en funcionamento, que



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suman 421 aeroxeradores; 22 proxectos autorizados, que suman 116 aeroxeradores; e 2 parques eólicos autorizados sen acceso e conexión (7 aeroxeradores).

Tal como sinala o informe de determinación ambiental do proxecto eólico Hedreira "O grande número de parques eólicos en funcionamento, en obras, autorizados e en tramitación na zona podería superar a capacidade de acollida do territorio".

5º Impacto sobre o patrimonio cultural integrado por unha rica rede de camiños históricos e un conxunto de bens etnográficos que a propia Xunta considera elementos singulares e únicos desta zona de Galiza, pola "existencia de numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suído". Indícase tamén que "Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, en perfecta harmonía co medio natural. A técnica de construción en pedra seca figura incluída no Censo do patrimonio cultural de Galiza como manifestación do patrimonio cultural inmaterial".

6º Impacto sobre o medio hídrico (regos, regatos mananciais, augas subterráneas) incluíndo a afección directa á Reserva Natural Fluvial do río Parada de Valdehome.

7º Impacto nunha zona de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión.

4. Aínda que o parque eólico proxectado está fóra de ADE, a Xunta acordou no mes de agosto de 2025 declarar o parque eólico GRECO como proxecto con unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, aos efectos do previsto na normativa reguladora do sector eólico e na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza.

5. O goberno galego está a promover -vía lei de acompañamento dos orzamentos de 2026- unha modificación da norma que regula a protección da paisaxe para facer

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:47
Nº Rexistro: 38439
Data envio: 10/11/2025 11:23:47.555

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevalecer os proxectos eólicos sobre a protección da paisaxe: "*A declaración do interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación, atendendo ás finalidades en que se basea, terase en conta como un elemento de singular relevancia ao ponderar os intereses xurídicos de cada caso na emisión dos informes de impacto e integración paisaxística previstos na normativa de desenvolvemento desta lei, así como nos procedementos de avaliación ambiental necesarios para a autorización dos proxectos nos que se valore esta integración paisaxística, de tal modo que se dea prioridade á construción e explotación dos parques e ao desenvolvemento das súas infraestruturas de evacuación*".

Esta modificación semella feito a medida para cambiar o sentido dos informes de impacto paisaxístico que foron determinantes para avaliacións de impacto ambiental negativas na zona na que se pretende construír o Parque eólico GRECO.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta poñerse do lado dunha grande empresa enerxética con sede en Madrid e en contra dos intereses da veciñanza afectada dos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Fornelos, Avión e Beariz?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:47
Nº Rexistro: 38439
Data envio: 10/11/2025 11:23:47.555

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/11/2025 11:21:56

Cristina Fernández Davila na data 10/11/2025 11:22:06

Alexandra Fernández Gómez na data 10/11/2025 11:22:17

Noa Presas Bergantiños na data 10/11/2025 11:22:23

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:47
Nº Rexistro: 38439
Data envio: 10/11/2025 11:23:47.555

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 11:23:48**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:37:44
Nº Rexistro: 38444
Data envio: 10/11/2025 11:37:44.776



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O proceso de repotenciación eólica que se está a impulsar en Galicia supón unha transformación profunda do mapa enerxético do país. A substitución de antigos aeroxeradores por outros de maior potencia e rendemento non é un simple cambio tecnolóxico: implica unha modificación substancial na recadación derivada do canon eólico e, en consecuencia, nos ingresos do Fondo de Compensación Ambiental (FCA), que se nutre directamente dese imposto ambiental.

A nova realidade enerxética, marcada pola concentración empresarial e pola redución do número de máquinas por parque, provocará unha diminución significativa da recadación total.

Este descenso afectará especialmente aos concellos rurais que, durante anos, viron no Fondo de Compensación Ambiental un instrumento esencial para financiar servizos básicos, mellorar infraestruturas e promover proxectos de desenvolvemento local.

Ademais, o modelo actual non contempla mecanismos suficientes para garantir que as comunidades locais participen dos beneficios xerados pola explotación dos recursos eólicos, nin que teñan voz nas decisións sobre o seu aproveitamento.

Mentres os promotores aumentan a súa rendibilidade grazas á modernización tecnolóxica, os territorios afectados corren o risco de perder capacidade

Asinado o día 10/11/2025 ás 11:23
Por Lara Méndez López

Asinado o día 10/11/2025 ás 11:22
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verficación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:37:44
Nº Rexistro: 38444
Data envio: 10/11/2025 11:37:44.776

económica e autonomía financeira, acentuando as desigualdades territoriais xa existentes.

Por iso, resulta urxente adaptar o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental á nova etapa da repotenciacións eólicas no pais, garantindo unha xestión máis xusta, transparente e participativa, que asegure retorno económico, equidade territorial e beneficio social real para Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que estimación realiza a Xunta sobre a perda de recadación do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental derivada dos procesos de repotenciación dos parques existentes?

Santiago de Compostela, a 10 de novembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:37:44
Nº Rexistro: 38444
Data envío: 10/11/2025 11:37:44.776

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 10/11/2025 11:22:55**

**Lara Méndez López na data 10/11/2025 11:23:02**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:37:44
Nº Rexistro: 38444
Data envio: 10/11/2025 11:37:44.776

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 11:37:45**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:54:51
Nº Rexistro: 38462
Data envio: 10/11/2025 13:54:51.711

Asinado o día 10/11/2 13:52 Por Silvia Longueira C
Asinado o día 10/11/2025 ás 13:52 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 10/11/2025 ás 13:52 Por Carmen Rodríguez Dacosta

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno,** sobre a situación do servizo de Pediatría e a suspensión de partos no Hospital Comarcal de Valdeorras pola avaría da incubadora de traslado neonatal.

O Grupo Parlamentario Socialista tivo coñecemento de que no Hospital Comarcal de Valdeorras se produciu unha situación de extrema gravidade, ao quedar inoperativa a incubadora de traslado neonatal, fundamental para garantir a seguridade dos recentemente nados que precisen ser derivados ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) ou a outro centro de referencia.

Segundo informacións contrastadas, a avaría da incubadora fixo que o servizo de Pediatría se negase a asumir partos no hospital, ante a imposibilidade de garantir a atención segura a un neonato que requira traslado urxente. Así, as mulleres embarazadas da comarca están a ser derivadas a Ourense para dar a luz, o que na práctica supón a suspensión temporal da atención aos partos en Valdeorras, cun grave impacto asistencial e emocional para as familias e para o conxunto da poboación da comarca.

O persoal sanitario do propio hospital tería informado ás pacientes de que a incubadora é antiga, non ten reparación posible e que se solicitou substitución ou préstamo a outros hospitais do Sergas, sen obter resposta positiva. Pola súa banda, segundo outras fontes, o CHUO podería facilitar o traslado dunha incubadora nunha ambulancia en caso de necesidade, o que evidencia unha falla de coordinación e planificación por parte do Sergas.

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:54:51
Nº Rexistro: 38462
Data envio: 10/11/2025 13:54:51.711

Esta situación pon de manifesto, unha vez máis, a precariedade dos medios materiais e humanos do Hospital Comarcal de Valdeorras, que leva anos sufrindo recortes e falta de investimento. O centro, que atende unha poboación dispersa e de difícil acceso, non pode quedar sen servizo de partos nin sen medios para garantir a atención neonatal básica.

Trátase dunha cuestión de dereitos sanitarios e de igualdade territorial: as mulleres de Valdeorras teñen o mesmo dereito que as de calquera outro punto de Galicia a dar a luz con seguridade e dignidade, no seu hospital de referencia e con garantías asistenciais.

Resulta urxente que a Xunta de Galicia, a través do Sergas, repoña inmediatamente a incubadora de traslado, restableza o servizo con normalidade e garanta que situacións coma esta non se volvan repetir.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia de que a incubadora de traslado neonatal do Hospital Comarcal de Valdeorras se atopa fóra de servizo e de que o servizo de Pediatría se nega a atender partos por falta de garantías de seguridade?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:54:51
Nº Rexistro: 38462
Data envio: 10/11/2025 13:54:51.711

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/11/2025 13:52:12
Elena Espinosa Mangana na data 10/11/2025 13:52:21
Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 13:52:28

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:54:51
Nº Rexistro: 38462
Data envio: 10/11/2025 13:54:51.711

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 13:54:52**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38466
Data envío: 10/11/2025 14:13:36.709



Asinado o día 10/11/2
14:12
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

O desemprego de longa duración continúa a ser unha das principais eivas estruturais do mercado laboral galego. A pesares da redución global das cifras de paro, os datos pechados do ano 2024 amosan que máis da metade das persoas desempregadas en Galicia (50,2 %) son paradas de longa duración, e que sete de cada dez delas levan máis de dous anos nesta situación**.**

Asinado o día 10/11/2025 ás
14:12
Por Elena Espinosa Mangana

Este dato revela unha realidade preocupante: existe en Galicia unha bolsa de desemprego crónico que non se reduce coas políticas actualmente vixentes, o que evidencia a insuficiencia das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia. Trátase dun colectivo especialmente vulnerable, integrado maioritariamente por mulleres, persoas maiores de 45 anos e residentes en zonas rurais, que padecen non só a falta de oportunidades laborais, senón tamén un risco elevado de exclusión social.

A Xunta de Galicia vén presentando os seus balances laborais en termos de mellora global do emprego, pero esa mellora non se traduce nunha recuperación efectiva para o colectivo de parados de longa duración**.** A evolución do paro en Galicia nos últimos anos mostra que a creación de emprego se concentra en sectores de alta temporalidade e baixo salario, sen impacto relevante sobre quen leva máis tempo fóra do mercado laboral.

Asinado o día 10/11/2025 ás
14:11
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38466
Data envio: 10/11/2025 14:13:36.709

A política de emprego do Goberno galego continúa baseada en programas fragmentados e  nula avaliación.

Mentres tanto, existen sectores produtivos en Galicia con déficit de persoal cualificado —como a industria transformadora, o sector forestal, os coidados ou a hostalería—, o que pon de manifesto un grave desaxuste entre a oferta formativa e a demanda laboral real**.**

En definitiva, a persistencia dun 50 % de desemprego de longa duración en Galicia reflicte a ausencia dun modelo estable e planificado de inserción laboral**.** O actual marco de actuación da Xunta non garante nin a formación adaptada nin a orientación personalizada que precisan as persoas que levan máis tempo afastadas do mercado de traballo.

É necesario, por tanto, avanzar cara a un plan integral de inserción laboral das persoas desempregadas de longa duración**,** con medidas de impacto inmediato, de desenvolvemento medio e de planificación estrutural a longo prazo, que combine políticas activas, formación profesional axeitada, coordinación interadministrativa e avaliación pública dos resultados.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Recoñece o Goberno galego que o paro de longa duración segue a representar unha das principais debilidades do mercado laboral galego, afectando a máis da metade das persoas desempregadas?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38466
Data envio: 10/11/2025 14:13:36.709

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/11/2025 14:11:54**

**Elena Espinosa Mangana na data 10/11/2025 14:12:01**

**Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 14:12:08**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38466
Data envio: 10/11/2025 14:13:36.709

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 14:13:37**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38475
Data envío: 10/11/2025 16:25:00.525

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Couceiro Freijomil, situado no concello de Pontedeume, o alumnado incrementouse a estas alturas do curso, unha circunstancia que xa foi tratada no Consello Escolar e comunicada pola dirección do centro á Xunta de Galicia. Este aumento de matrícula, que reflicte o dinamismo do centro e o crecemento da comunidade educativa, require unha resposta áxil e proporcional por parte da administración educativa para garantir unha atención adecuada ao alumnado.

Actualmente, o centro conta cunha dotación de 1,5 prazas de coidadora, cando lle corresponderían 2 segundo o catálogo oficial. Esta carencia tradúcese en dificultades organizativas e na imposibilidade de atender correctamente a todo o alumnado que precisa apoio. Os martes non hai servizo de coidadora pola media xornada que falta, e o reparto semanal das horas provoca que parte do alumnado quede sen coidado durante a semana. Esta situación vulnera o principio de igualdade de atención e pon en risco o benestar e a seguridade do alumnado con necesidades de apoio.

Asinado o día 10/11/2025 ás 16:23
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/11/2025 ás 16:23
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38475
Data envio: 10/11/2025 16:25:00.525

O Consello Escolar xa abordou esta cuestión e a dirección do centro ten remitido a petición formal á Consellería de Educación. Ademais, a situación foi trasladada tamén á Valedora do Pobo, dada a urxencia e a gravidade que supón manter un servizo esencial infradotado.

É responsabilidade da Xunta de Galicia garantir que todos os centros educativos conten cos recursos humanos suficientes e adaptados á súa realidade, especialmente cando se trata de persoal de apoio que resulta imprescindible para a inclusión e atención á diversidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego suficiente a dotación actual coidadoras/es no CEIP Couceiro Freijomil de Pontedeume, tendo en conta o aumento de matrícula e as necesidades reais do alumnado?

Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38475
Data envio: 10/11/2025 16:25:00.525

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 10/11/2025 16:23:00**

**Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 16:23:06**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38475
Data envio: 10/11/2025 16:25:00.525

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 16:25:01**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Couceiro Freijomil, situado no concello de Pontedeume, o alumnado incrementouse a estas alturas do curso, unha circunstancia que xa foi tratada no Consello Escolar e comunicada pola dirección do centro á Xunta de Galicia. Este aumento de matrícula, que reflicte o dinamismo do centro e o crecemento da comunidade educativa, require unha resposta áxil e proporcional por parte da administración educativa para garantir unha atención adecuada ao alumnado.

Actualmente, o centro conta cunha dotación de 1,5 prazas de coidadora, cando lle corresponderían 2 segundo o catálogo oficial. Esta carencia tradúcese en dificultades organizativas e na imposibilidade de atender correctamente a todo o alumnado que precisa apoio. Os martes non hai servizo de coidadora pola media xornada que falta, e o reparto semanal das horas provoca que parte do alumnado quede sen coidado durante a semana. Esta situación vulnera o principio de igualdade de atención e pon en risco o benestar e a seguridade do alumnado con necesidades de apoio.

Asinado o día 10/11/2025 ás 16:23
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/11/2025 ás 16:23
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Consello Escolar xa abordou esta cuestión e a dirección do centro ten remitido a petición formal á Consellería de Educación. Ademais, a situación foi trasladada tamén á Valedora do Pobo, dada a urxencia e a gravidade que supón manter un servizo esencial infradotado.

É responsabilidade da Xunta de Galicia garantir que todos os centros educativos conten cos recursos humanos suficientes e adaptados á súa realidade, especialmente cando se trata de persoal de apoio que resulta imprescindible para a inclusión e atención á diversidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do feito de que este asunto tivese que ter sido elevado á Valedora do Pobo pola actuación do Goberno galego?

Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38478
Data envío: 10/11/2025 16:25:48.215

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 10/11/2025 16:23:14**

**Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 16:23:20**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38478
Data envio: 10/11/2025 16:25:48.215

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 16:25:48**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:46:39
Nº Rexistro: 38491
Data envío: 10/11/2025 17:46:39.084

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Un dos ámbitos máis sensibles do sistema educativo é o da atención á diversidade, que require profesionais especializados e recursos suficientes para garantir que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo reciba unha atención adecuada. A realidade actual amosa que moitos centros educativos galegos contan con ratios excesivas e con persoal de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as claramente insuficiente para atender as necesidades existentes.

A falta de reforzos en atención á diversidade está a provocar que o alumnado con necesidades especiais non reciba o tempo nin o apoio individualizado que precisa, o que vulnera o principio de equidade educativa e compromete a súa inclusión real no sistema. Esta situación afecta tamén á organización interna dos centros, que deben redistribuír recursos humanos limitados para dar resposta a unha demanda crecente, e repercute directamente na calidade educativa.

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:41
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:40
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

A atención á diversidade non pode ser considerada un complemento, senón un piar esencial da educación pública galega. A Consellería de Educación debe planificar e dotar os centros do persoal necesario en función das necesidades reais e non mediante criterios exclusivamente orzamentarios, garantindo que todos os colexios e institutos dispoñan de profesorado de PT e AL suficiente, así como de coidadores e coidadoras que permitan ofrecer unha atención digna, segura e adaptada ao alumnado con necesidades específicas.

Por todo o exposto, considérase imprescindible que o Goberno galego reforce de inmediato os cadros de persoal de apoio á inclusión educativa, atendendo á realidade de cada centro e ás demandas dos equipos directivos, das ANPA e da comunidade educativa en xeral.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego suficiente a actual dotación de profesorado de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e coidadores/as nos centros educativos públicos de Galicia?

Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:46:39
Nº Rexistro: 38491
Data envio: 10/11/2025 17:46:39.084

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 10/11/2025 17:40:59**

**Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 17:41:05**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:46:39
Nº Rexistro: 38491
Data envio: 10/11/2025 17:46:39.084

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 17:46:39**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:48:01
Nº Rexistro: 38495
Data envío: 10/11/2025 17:48:01.328

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Un dos ámbitos máis sensibles do sistema educativo é o da atención á diversidade, que require profesionais especializados e recursos suficientes para garantir que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo reciba unha atención adecuada. A realidade actual amosa que moitos centros educativos galegos contan con ratios excesivas e con persoal de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as claramente insuficiente para atender as necesidades existentes.

A falta de reforzos en atención á diversidade está a provocar que o alumnado con necesidades especiais non reciba o tempo nin o apoio individualizado que precisa, o que vulnera o principio de equidade educativa e compromete a súa inclusión real no sistema. Esta situación afecta tamén á organización interna dos centros, que deben redistribuír recursos humanos limitados para dar resposta a unha demanda crecente, e repercute directamente na calidade educativa.

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:41
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:41
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A atención á diversidade non pode ser considerada un complemento, senón un piar esencial da educación pública galega. A Consellería de Educación debe planificar e dotar os centros do persoal necesario en función das necesidades reais e non mediante criterios exclusivamente orzamentarios, garantindo que todos os colexios e institutos dispoñan de profesorado de PT e AL suficiente, así como de coidadores e coidadoras que permitan ofrecer unha atención digna, segura e adaptada ao alumnado con necesidades específicas.

Por todo o exposto, considérase imprescindible que o Goberno galego reforce de inmediato os cadros de persoal de apoio á inclusión educativa, atendendo á realidade de cada centro e ás demandas dos equipos directivos, das ANPA e da comunidade educativa en xeral.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia incrementar as prazas destes perfís profesionais para o curso 2025-2026?

Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:48:01
Nº Rexistro: 38495
Data envio: 10/11/2025 17:48:01.328

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 10/11/2025 17:41:15**

**Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 17:41:20**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:48:01
Nº Rexistro: 38495
Data envio: 10/11/2025 17:48:01.328

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 17:48:02**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:49:07
Nº Rexistro: 38500
Data envío: 10/11/2025 17:49:07.734

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Un dos ámbitos máis sensibles do sistema educativo é o da atención á diversidade, que require profesionais especializados e recursos suficientes para garantir que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo reciba unha atención adecuada. A realidade actual amosa que moitos centros educativos galegos contan con ratios excesivas e con persoal de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as claramente insuficiente para atender as necesidades existentes.

A falta de reforzos en atención á diversidade está a provocar que o alumnado con necesidades especiais non reciba o tempo nin o apoio individualizado que precisa, o que vulnera o principio de equidade educativa e compromete a súa inclusión real no sistema. Esta situación afecta tamén á organización interna dos centros, que deben redistribuír recursos humanos limitados para dar resposta a unha demanda crecente, e repercute directamente na calidade educativa.

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:41
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:41
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:49:07
Nº Rexistro: 38500
Data envio: 10/11/2025 17:49:07.734



A atención á diversidade non pode ser considerada un complemento, senón un piar esencial da educación pública galega. A Consellería de Educación debe planificar e dotar os centros do persoal necesario en función das necesidades reais e non mediante criterios exclusivamente orzamentarios, garantindo que todos os colexios e institutos dispoñan de profesorado de PT e AL suficiente, así como de coidadores e coidadoras que permitan ofrecer unha atención digna, segura e adaptada ao alumnado con necesidades específicas.

Por todo o exposto, considérase imprescindible que o Goberno galego reforce de inmediato os cadros de persoal de apoio á inclusión educativa, atendendo á realidade de cada centro e ás demandas dos equipos directivos, das ANPA e da comunidade educativa en xeral.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

En que prazo prevé o Goberno galego revisar o catálogo e distribución do persoal de atención á diversidade?

Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:49:07
Nº Rexistro: 38500
Data envio: 10/11/2025 17:49:07.734

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 10/11/2025 17:41:38**

**Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 17:41:43**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:49:07
Nº Rexistro: 38500
Data envio: 10/11/2025 17:49:07.734

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 17:49:08**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:50:29
Nº Rexistro: 38504
Data envio: 10/11/2025 17:50:29.438



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Un dos ámbitos máis sensibles do sistema educativo é o da atención á diversidade, que require profesionais especializados e recursos suficientes para garantir que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo reciba unha atención adecuada. A realidade actual amosa que moitos centros educativos galegos contan con ratios excesivas e con persoal de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as claramente insuficiente para atender as necesidades existentes.

A falta de reforzos en atención á diversidade está a provocar que o alumnado con necesidades especiais non reciba o tempo nin o apoio individualizado que precisa, o que vulnera o principio de equidade educativa e compromete a súa inclusión real no sistema. Esta situación afecta tamén á organización interna dos centros, que deben redistribuír recursos humanos limitados para dar resposta a unha demanda crecente, e repercute directamente na calidade educativa.

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:41
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:41
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:50:29
Nº Rexistro: 38504
Data envio: 10/11/2025 17:50:29.438

Grupo Parlamentario Socialista

A atención á diversidade non pode ser considerada un complemento, senón un piar esencial da educación pública galega. A Consellería de Educación debe planificar e dotar os centros do persoal necesario en función das necesidades reais e non mediante criterios exclusivamente orzamentarios, garantindo que todos os colexios e institutos dispoñan de profesorado de PT e AL suficiente, así como de coidadores e coidadoras que permitan ofrecer unha atención digna, segura e adaptada ao alumnado con necesidades específicas.

Por todo o exposto, considérase imprescindible que o Goberno galego reforce de inmediato os cadros de persoal de apoio á inclusión educativa, atendendo á realidade de cada centro e ás demandas dos equipos directivos, das ANPA e da comunidade educativa en xeral.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai garantir a Xunta que ningún alumno ou alumna con necesidades educativas específicas quede sen apoio especializado por falta de recursos humanos?

Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:50:29
Nº Rexistro: 38504
Data envio: 10/11/2025 17:50:29.438

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 10/11/2025 17:41:51**

**Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 17:41:59**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:50:29
**Nº Rexistro: 38504**
Data envio: 10/11/2025 17:50:29.438

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 17:50:30**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:56
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A eficacia das políticas activas de emprego depende, en gran medida, da súa capacidade de planificación, avaliación e transparencia. Galicia precisa coñecer con rigor os resultados reais das súas actuacións en materia de orientación, formación, inserción e fomento do emprego, especialmente nun contexto no que persisten bolsas estruturais de desemprego de longa duración, precariedade e desigualdade de oportunidades.

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:56
Por Elena Espinosa Mangana

A Xunta de Galicia dispón dun Observatorio do Emprego, dependente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxo obxectivo é coñecer a evolución do mercado laboral e analizar as necesidades de cualificación profesional. Non obstante, a súa actividade está centrada principalmente na formación profesional e nas cualificacións, e informa nin avalía de maneira sistemática o conxunto das políticas activas de emprego nin publica informes anuais completos con datos desagregados e indicadores verificables de inserción e permanencia no emprego.

Asinado o día 10/11/2025 ás 17:56
Por Carmen Rodríguez Dacosta

A realidade é que non existe na actualidade un sistema estable, público e transparente de avaliación das políticas activas de emprego en Galicia, que permita coñecer cantas persoas acceden a un posto de traballo grazas a estas medidas, durante canto tempo se manteñen nel, ou cal é o impacto real das accións financiadas con fondos públicos.

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta carencia dificulta a mellora continua das políticas, a rendición de contas e a toma de decisións baseada en evidencias, e contribúe a perpetuar modelos de actuación fragmentados, de resultados desiguais e con escasa participación dos axentes sociais e institucionais.

Ademais, a falta de informes anuais accesibles e de datos desagregados por idade, sexo, comarca, nivel de cualificación e duración do desemprego limita a transparencia e a eficacia do sistema galego de emprego. Non é posible avaliar nin planificar correctamente se non se coñece o impacto real das medidas aplicadas, nin se facilita a participación social na súa revisión e mellora.

Unha comunidade que aspira a un emprego digno e inclusivo precisa institucionalizar a avaliación como práctica ordinaria, non como un exercicio puntual. Galicia debe avanzar cara a un modelo de gobernanza das políticas activas de emprego baseado na transparencia, na participación e na rendición de contas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista entende que a Xunta de Galicia debe crear un sistema galego de avaliación, planificación e transparencia das políticas activas de emprego, reforzando e ampliando as funcións do Observatorio do Emprego para convertelo nun verdadeiro órgano de seguimento, control e mellora das políticas públicas nesta materia.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Por que a Xunta de Galicia non conta cun sistema integral e público de avaliación das políticas activas de emprego, con indicadores de inserción e permanencia laboral, desagregados por idade, sexo, comarca e duración do desemprego?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:59:34
Nº Rexistro: 38513
Data envio: 10/11/2025 17:59:34.165

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/11/2025 17:56:36**

**Elena Espinosa Mangana na data 10/11/2025 17:56:44**

**Silvia Longueira Castro na data 10/11/2025 17:56:53**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 17:59:34
Nº Rexistro: 38513
Data envio: 10/11/2025 17:59:34.165

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 17:59:34

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:22:07
Nº Rexistro: 38532
Data envío: 11/11/2025 12:22:07.459

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre unha atención educativa domiciliaria adaptada ás necesidades de cada alumna/o que a precisa e a resposta que debe dar a Consellería de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención educativa domiciliaria que precisa o alumnado que presenta dificultades para asistir de maneira continuada aos centros educativos está recollida no artigo 62 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado sos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, indicando que será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes.

No mesmo artigo establécese que "O profesorado de atención educativa domiciliaria, tendo en conta a programación do correspondente ciclo ou nivel e un informe da situación académica do alumnado, facilitada polo profesorado titor da alumna ou do alumno elaborará, en coordinación con este e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, un programa individualizado de atención educativa que desenvolverá coa alumna/o durante o período de tempo en que non poida asistir ao centro docente, que, con carácter xeral, terá unha consideración trimestral, de xeito que se realice o seu seguimento e posibles axustes coincidindo con cada sesión de avaliación. Neste

Asinado o día 11/11/2025 ás 12:20
Por Ariadna Fernández González
Asinado o día 11/11/2025 ás 12:19
Por Cristina Fernández Davila
CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:22:07
Nº Rexistro: 38532
A problemática actual sobre o acceso á vivenda tamén se está a padecer na vila de Foz, que cunha poboación de 10.198 habitantes (segundo os derradeiros datos do Instituto Galego de Estatística, ano 2024), conta con 85 focegas e focegos inscritos no rexistro único de demandantes de vivenda protexida do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia a data de 14 de outubro do ano en curso.

Asinado o día 13/11/2025 ás 17:04 Por Aitor Bouza Manso

Hoxe en día, o acceso a unha vivenda digna e en condicións de principiar ou continuar un proxecto de vida, é un dos maiores retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta o noso país. Acceder a un espazo habitacional decente, seguro e alcanzable é un dereito constitucional, recollido tamén no noso Estatuto de Autonomía no seu artigo 27 que lle confire a Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de vivenda. Polo tanto é a administración autonómica a única responsable e competente nesta esencial materia, a máis responsable e a que dispón de capacidade legal, económica e técnica para corrixir esta situación e remediar o desleixo dos derradeiros anos.

Asinado o día 13/11/2025 ás 17:04 Por Lara Méndez López

O acceso a vivenda é un dos retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta Galicia, tamén nas vilas e localidades que como é o caso do Concello de Foz, sofren a falla de planificación estratéxica, a inacción institucional e a renuncia da Xunta de Galicia, presidida por Alfonso Rueda, ao exercicio sostido no tempo dunha política ambiciosa de vivenda pública. A nosa Comunidade Autónoma, por desgracia, carece dende fai moito tempo dunha política de vivenda pública e social, acorde coas necesidades da súa poboación. Máxime

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos termos municipais pequenos e medianos e que están a padecer unha presión desmesurada polo pernicioso efecto da proliferación de vivendas de uso turístico, que en concellos costeiros como é o caso que nos ocupa, están absolutamente tensionados e minora a oferta de vivendas en alugueiro convencional. Estamos a cola de Europa moi por debaixo do 5% no que atinxe a existencia dun parque público ou social de vivendas. Un déficit estrutural moi grave no contexto actual de inflación inmobiliaria, onde amplas capas de poboación, especialmente a xente moza, as familias traballadoras e as persoas maiores, ven como o dereito a vivenda se volta nun privilexio só ao alcance duns poucos e poucas.

Esta é a crúa realidade que se está a padecer tamén no Concello de Foz. A escaseza de vivenda para a compra ou o aluguer e os altos prezos da mesma está a supoñer unha grave problema para as persoas que por decisión propia queren desenvolver as súas vidas neste concello mariñán. Segundo diferentes fontes acreditadas, a vivenda en alugueiro en Foz incrementou o seu prezo en máis dun 50% dende setembro do ano 2022, sendo as causas desta suba e do aumento da demanda de vivenda, o pernicioso efecto da proliferación incontrolada de pisos turísticos e o incremento das taxas de emprego.

Na actualidade está sobradamente demostrado e contrastado que a principal causa da falta de vivenda a prezo asumible e razoable é pola nula política de vivenda pública promovida pola Xunta de Galicia nestes derradeiros quince anos de gobernos conservadores. As poucas promocións novas que pregoa o Goberno autonómico, refírense a cidades ou capitais de provincia, esquecéndose de xeito reiterado dos pequenos e medianos concellos como o de Foz, que sofren a presión da vivenda turística.

A pesares de ser a Administración Autonómica a única competente e responsable, dende o Concello de Foz é público e notorio que lles preocupa e ocupa esta situación límite no que atinxe a habitabilidade. Por elo o grupo de

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

goberno está disposto a facerse coa propiedade dunha parcela que cá cualificación de solar está posta a venda pola Sareb (Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria), na confluencia das rúas Lugo e Antón Vilar Ponte, fronte a actual casa da cultura.

Segundo consta publicamente o Goberno do Concello de Foz está negociando a consecución da titularidade do solar en cuestión para poder dedicalo a construción de vivenda pública para poñelo a disposición da cidadanía, ofertando vivenda protexida de alugueiro social. En calquera caso, o equipo de Goberno municipal está disposto a adquirir un solar axeitado para a edificación de vivenda pública no termo municipal.

Para elo resulta imprescindible a colaboración da Xunta de Galicia para que logo da sinatura do pertinente convenio de colaboración entre administracións, o Concello ceda a parcela para que a Administración autonómica execute nela a promoción de vivenda pública tan demandada e necesaria nesta localidade.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asina formulan a seguinte pregunta:

Está en disposición a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para asinar un convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Foz para edificar unha parcela adquirida polo Concello e dedicala a alugueiro social?

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:21:41
Nº Rexistro: 38792
Data envío: 13/11/2025 18:21:41.981

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 13/11/2025 17:04:25

Aitor Bouza Manso na data 13/11/2025 17:04:31

Carlos López Font na data 13/11/2025 17:04:37

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:21:41
Nº Rexistro: 38792
Data envio: 13/11/2025 18:21:41.981

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 18:21:42

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:11
Nº Rexistro: 38361
Data envío: 07/11/2025 09:40:11.236

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto** e **Luis Bará Torres,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á necesidade de que Augas de Galiza adopte un modelo de gobernanza hidráulica aberto, inclusivo e efectivo .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos de Augas de Galiza para o ano 2026 presentan unha contradición esencial entre o discurso sobre gobernanza participativa e a realidade das partidas asignadas á participación cidadá, transparencia hídrica e educación para a sustentabilidade. Mentres o orzamento total sube un 5,5% ata os 151,7 millóns de euros, as partidas cruciais para implicación da cidadanía desaparecen ou redúcense drasticamente:

• Procesos de participación pública: de 2 a 0 procesos en 2026, 2027 e 2028.

• Transparencia Hídrica: de 1.066.830 euros a 0 euros.

• Educación para a Sustentabilidade: apenas 200.000 euros (0,13% do orzamento), insuficiente para mobilizar maioritariamente a sociedade galega.

Esta situación é incompatible:

• Co artigo 14 da Directiva Marco da Auga (2000/60/CE), que obriga á participación activa da cidadanía na planificación hidrolóxica.

Asinado o día 07/11/2025 ás 09:38
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 07/11/2025 ás 09:38
Por Montserrat Valcárcel Armesto

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Co artigo 16 da Lei 9/2010 de Augas de Galiza, que crea o Consello para o Uso Sustentable da Auga como órgano de participación pública, sen poder vinculante real nin recursos materiais suficientes.

• Co principio de transparencia e participación obrigatorio segundo a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

A falta de procesos participativos revela unha planificación opaca que deslexitima a xestión hidráulica pública, limita o acceso da cidadanía á información e impide que concellos, sector agrario, industrial e veciñal poidan exercer voz real nas decisións sobre vertidos, recursos e infraestruturas.

A educación ambiental e de eficiencia hídrica é pouco máis que simbólica, cunha partida testemuñal cando a DMA e a evidencia técnica apuntan que só unha sociedade implicada pode reducir consumos, mellorar calidade e cumprir os compromisos europeos que evitan sancións e perda de credibilidade institucional.

As experiencias doutras comunidades autónomas e confederacións hidrográficas demostran que a gobernanza participativa, a transparencia de datos e a mobilización social na eficiencia hídrica son posibles e efectivas, sempre que existan vontade política e recursos orzamentarios.

En definitiva, a Xunta de Galiza debería reverter a política de recortes en participación, transparencia e educación, e apostar por un modelo de gobernanza hidráulica verdadeiramente aberto, inclusivo e efectivo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:11
Nº Rexistro: 38361
Data envio: 07/11/2025 09:40:11.236

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cales son os criterios técnicos, xurídicos e políticos que xustifican a eliminación total de procesos de participación pública nos orzamentos de Augas de Galiza para o ano 2026 pasando de 2 procesos en 2025 a 0 procesos?

2. Por que motivo se suprime completamente a partida de "Transparencia Hídrica" dotada con 1.066.830 euros en 2025, deixándoa en 0 euros para 2026, sendo esta partida fundamental para garantir a confianza cidadá e o cumprimento do principio de transparencia establecido na Lei 39/2015?

3. Como concilia o Goberno da Xunta o discurso sobre gobernanza participativa e inclusiva en materia de augas coa realidade orzamentaria que elimina toda a participación pública programada para os próximos tres exercicios?

4. Cantos procesos de participación cidadá en materia de xestión hídrica tiña previsto realizar Augas de Galiza en 2026 antes da elaboración dos orzamentos, e que motivou a redución a cero procesos?

5. Considera o Goberno da Xunta que a dotación de apenas 200.000 euros (o 0,13% do orzamento de Augas de Galiza) para Educación e Sensibilización en Sustentabilidade Hídrica é suficiente para mobilizar á cidadanía galega cara á eficiencia hídrica e ao cumprimento dos obxectivos da Directiva Marco da Auga?

6. Que medidas específicas ten previstas Augas de Galiza para garantir o cumprimento do artigo 14 da Directiva Marco da Auga (2000/60/CE) sobre participación activa das partes interesadas, dado que os orzamentos eliminan os procesos participativos?

7. Prevé o Goberno da Xunta recuperar as partidas de Transparencia Hídrica e Participación Pública nos orzamentos de exercicios futuros? En caso afirmativo, con que dotación e en que prazos?



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Que funcións e actividades desempeña actualmente o Consello para o Uso Sustentable da Auga, previsto no artigo 16 da Lei 9/2010, e con que frecuencia se reúne? Cantas sesións celebrou en 2024 e 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:11
Nº Rexistro: 38361
Data envio: 07/11/2025 09:40:11.236

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/11/2025 9:38:50**

**Luis Bará Torres na data 07/11/2025 9:38:57**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:11
Nº Rexistro: 38361
Data envio: 07/11/2025 09:40:11.236

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 9:40:11**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 13:32:10
Nº Rexistro: 38377
Data envío: 07/11/2025 13:32:10.219

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a falta de profesorado no CEIP Tarrío (Culleredo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio do curso 2025-2026, o CEIP Tarrío está a sofrer varias deficiencias, algunhas delas xa demandadas pola comunidade educativa desde o curso anterior. O CEIP Tarrío precisa:

- un mestre ou mestra para Educación Infantil, xa que parte do horario non está a ser cuberto porque unha das profesionais deste perfil dedica parte do seu tempo (16 horas) a labores de dirección;

- un especialista adicional en Pedagoxía Terapéutica (PT), para cubrir as necesidades do alumnado;

- creación dunha cuarta unidade de 4.º de Educación Primaria. A cantidade de alumnado do centro fai prever que esta necesidade vaia alén deste curso, polo que é preciso consolidar esta cuarta unidade.

O obxectivo destas demandas da comunidade educativa é ofrecer unha atención axeitada ao alumnado. A dirección do centro púxose en contacto coa Consellaría de Educación e, de feito, unha das prazas que precisaban chegou a estar publicada, mais finalmente foi retirada por motivos que se descoñecen, polo que foi preciso reorganizar os horarios e non é posíbel atender todas as necesidades do alumnado.



Asinado o día 07/11/2025 ás 13:30
Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 07/11/2025 ás 13:30
Por Iria Taibo Corsanego
CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o goberno galego a dotación de profesorado e aulas nos centros de ensino públicos para o curso académico 2025-2026?

- Ten previsto o goberno galgo remitir ao CEIP Tarrío de Culleredo un mestre ou mestra adicional de Educación Infantil para cubrir as necesidades horarias derivadas da dedicación dunha das mestras á dirección do centro?

- Ten previsto o goberno galego remitir un profesional adicional especialista de Pedagoxía Terapéutica (PT) ao CEIP Tarrío de Culleredo?

- Ten previsto o goberno galego abrir unha cuarta unidade de 4.ª de Educación Primaria no CEIP Tarrío de Culleredo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 13:32:10
Nº Rexistro: 38377
Data envio: 07/11/2025 13:32:10.219

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 07/11/2025 13:30:49**

**Cristina Fernández Davila na data 07/11/2025 13:30:54**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 13:32:10
Nº Rexistro: 38377
Data envio: 07/11/2025 13:32:10.219

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 13:32:10**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38355
Data envio: 06/11/2025 18:36:09.459



Por Alberto Pazos Couñago

Asinado o día 06/11/2
18:26
Por Roberto Rodrígue

**Á Mesa do Parlamento**

**Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

O Goberno galego vén de asinar co Consello da Avogacía Galega sendos convenios de colaboración no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cos que asegura a atención profesional a vítimas de violencia sexual, con independencia de que teña ou non recursos para litigar, e a formación especializada dos profesionais da avogacía sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, trata ou explotación sexual.

É este un exemplo máis do seguimento e atención dispensado ás vítimas de violencia sexual por parte da Administración autonómica, que sempre avogou pola creación de xulgados de violencia contra a muller en todas as cidades de Galicia.

É de sobra coñecido o rexeitamento do Goberno galego á decisión do Goberno estatal de reconverter en tribunais comarcais de violencia contra a muller os xulgados de instrución de Vigo e Santiago, xa que xera unha serie de prexuízos de difícil solución.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento dos novos xulgados de violencia contra muller constituídos en Santiago e Vigo?

Por Paula Mouzo Mas

Asinado o día 06/11/2025 ás
18:26
Por Raquel Arias Rodríguez

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

Asinado o día 06/11/2025 ás
18:26
Por Paula Prado del Rio

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38355
Data envío: 06/11/2025 18:36:09.459

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Rio na data 06/11/2025 18:26:40**
**Raquel Arias Rodríguez na data 06/11/2025 18:26:50**
**Roberto Rodríguez Martínez na data 06/11/2025 18:26:56**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 06/11/2025 18:27:07**
**Paula Mouzo Mas na data 06/11/2025 18:27:16**
**Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 18:27:33**
**Carmen Pomar Tojo na data 06/11/2025 18:27:41**
**María Felisa Rodriguez Carrera na data 06/11/2025 18:27:51**
**Katherinie Varela Fernández na data 06/11/2025 18:28:07**
**Julio García Comesaña na data 06/11/2025 18:35:46**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38355
Data envio: 06/11/2025 18:36:09.459

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 18:36:10**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38381
Data envio: 07/11/2025 14:08:40.757

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a falta de profesorado no CEIP Ría do Burgo (Culleredo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio do curso 2025-2026, o CEIP Ría do Burgo está a sofrer a falta de profesorado de apoio de Pedagoxía Terapéutica (PT) e Audición en Linguaxe (AL). A comunidade educativa está a protestar por esta falta de profesorado, que fai que a atención ao alumnado con NEE e NEAE non sexa axeitada nin suficiente. A demanda das familias é que o centro conte con profesorado especialista suficiente, horas de apoio e medios que aseguren unha educación inclusiva e digna.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o goberno galego a dotación de profesorado e aulas nos centros de ensino públicos para o curso académico 2025-2026?

- Ten previsto o goberno galego remitir ao CEIP Ría do Burgo o profesorado especialista en PT (Pedagoxía Terapéutica) e Audición e Linguaxe preciso para atender correctamente o alumnado con NEE e NEAE?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 07/11/2025 ás 14:07
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 07/11/2025 ás 14:07
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38381
Data envio: 07/11/2025 14:08:40.757

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 07/11/2025 14:07:52**

**Cristina Fernández Davila na data 07/11/2025 14:07:57**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38381
Data envio: 07/11/2025 14:08:40.757

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 14:08:41

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 10:49:19
Nº Rexistro: 38434
Data envio: 10/11/2025 10:49:19.383

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

**Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O acoso escolar e o ciberacoso son dúas formas de violencia preocupantes na sociedade actual, que afectan directamente á convivencia, á saúde emocional e ao desenvolvemento persoal da infancia e da xuventude. A presenza desta violencia nos centros educativos e nos espazos virtuais require unha resposta conxunta, firme e continua por parte de toda a sociedade, comunidade educativa e das institucións públicas para frear as graves consecuencias que produce entre a xuventude.

É fundamental garantir que cada neno, nena e adolescente se sinta seguro, respectado e acompañado, tanto nas aulas como no ámbito dixital. Para iso, resulta esencial contar con mecanismos de prevención, detección e apoio que sexan accesibles, próximos e eficaces.

O plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso con puntos Laranxas físicos e virtuales para denunciar de forma anónima e segura representa unha ferramenta útil e simbólica no camiño da prevención e alerta. Son espazos seguros donde se pode denunciar de forma anónima e confidencial, pedir axuda ou recibir orientación ante posibles situacións de acoso. A súa presenza nos centros educativos e noutros espazos en liña reforza a mensaxe de que ninguén está só e que teñen a súa disposición os recursos necesario para axudarlles.

Galicia avanza cara a un modelo educativo máis humano, solidario e seguro, onde o benestar do alumnado e a protección dos seus dereitos ocupen sempre o primeiro lugar.

Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 10/11/2 10:47 Por José Luis Ferro Ig
Por Patricia García González
Asinado o día 10/11/2025 ás 10:47 Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 10/11/2025 ás 10:47 Por Nicole Grueira Fernández
CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Qué actuacións está a levar a cabo o Goberno galego para reforzar a prevención e detección temperá do acoso escolar e do ciberacoso nos centros educativos de Galicia?

2.- Qué actuacións contempla o Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso para previr, detectar e actuar fronte ás situacións de acoso nos centros educativos galegos?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 10:49:19
Nº Rexistro: 38434
Data envio: 10/11/2025 10:49:19.383

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 10/11/2025 10:47:20
Víctor Baladrón Lamas na data 10/11/2025 10:47:34
José Luis Ferro Iglesias na data 10/11/2025 10:47:47
Julio García Comesaña na data 10/11/2025 10:47:56
Patricia García González na data 10/11/2025 10:48:06
Rubén Lorenzo Gómez na data 10/11/2025 10:48:17
Carmen Pomar Tojo na data 10/11/2025 10:48:30
María Felisa Rodriguez Carrera na data 10/11/2025 10:48:40
Raúl Santamaría González na data 10/11/2025 10:48:52
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 10:49:04

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 10:49:19
Nº Rexistro: 38434
Data envio: 10/11/2025 10:49:19.383

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 10:49:20**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:34
Nº Rexistro: 38438
Data envio: 10/11/2025 11:23:34.097

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Cristina Fernández Davila**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o proxecto eólico Greco e a demanda de que a administración ambiental galega realice un informe desfavorable polo seu impacto sobre o medio natural e a paisaxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A empresa MOWE ENERGÍA con enderezo en Paseo de la Castellana 259D, planta 46, MADRID, pertencente ao grupo Villar Mir, está a tramitar o proxecto eólico Greco e a súa infraestrutura de evacuación, infraestruturas situadas nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Fornelos, e Covelo na provincia de Pontevedra e Avión e Beariz na provincia de Ourense.

Este megaproxecto industrial eólico, de 109,2 MW de potencia instalada, divídese en 2 zonas:

-GRECO NORTE (72,8MW), integrado por 14 aeroxeradores + 1 de reserva, de 5,2MW de potencia unitaria e 177 m de altura, situados no concello de Cerdedo-Cotobade. Inclúe tamén a SET Greco Norte e liña eléctrica de alta tensión que conecta a SET Greco Norte coa SET Greco Centro, de 14,659 km.

-GRECO CENTRO (36,4MW), integrado por 7 aeroxeradores + 2 de reserva, de 5,2MW de potencia unitaria e 177 m de altura, situados nos concellos de A Lama e Fornelos. Inclúe tamén a SET GRECO CENTRO e liña de alta tensión de evacuación de 12,40 km que conecta coa LAT SET Suído coa SEC Paraño tramitada por Adelanta Corporación (“Instalacións de conexión Beariz 400 kV eixe sur”).



Asinado o día 10/11/2 11:21
Por Alexandra Fernár
Asinado o día 10/11/2025 ás 11:21
Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 10/11/2025 ás 11:21
Por Luis Bará Torres
CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais destas infraestruturas hai que ter en conta a afección dos viais de acceso, pistas, plataformas, escavacións, gabias, canalizacións, etc.

Nesta imaxe pode verse as enormes dimensións deste proxecto




2. Estamos diante dun proxecto aberrante, tramitado ao abeiro das normativas que favorecen a depredación do territorio. Un proxecto de grande capacidade destrutiva,



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se vén sumar a outros que están en tramitación na mesma zona (contorna da Serra do Suído e da Serra do Cando):

-Hedreira, de 75MW, e da súa infraestrutura de evacuación asociada, situado nos concellos de A Lama, Beariz e Avión.

-Edreira 1, Ampliación de Edreira I e Coto de Eiras, tres proxectos promovidos polo mesmo grupo inversor que suman 72 MW.

-Liña de evacuación dos proxectos anteriores até a subestación de Pazos de Borbén.

3. Existen numerosas razóns para impedir a tramitación e aprobación deste macropolígono industrial eólico, polo que a Xunta debería emitir canto antes un informe contrario con referencia ás seguintes cuestións:

1º Impacto crítico na Área de Especial Interese Paisaxístico AEIP Serra do Suído. Remitímonos ao informe do Instituto de Estudos do Territorio ao respecto do proxecto eólico Puza, situado na mesma zona: "os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suido, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suido, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora".

2º Impacto directo e crítico nunha Zona Ben Conservada, en estudo, tal como se reflicte no Estudo de Impacto Ambiental do Proxecto. Trátase dunha zona de hábitats de interese prioritario e abundancia de turbeiras, unha parte das cales foron incluídas no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza.

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:34
Nº Rexistro: 38438
Data envio: 10/11/2025 11:23:34.097

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe sinalar que o goberno galego podería incorrer en responsabilidades polo coñecemento e constancia documental destas zonas e a súa non protección. Asemade, hai que ter en conta que a Xunta xa emitiu informe desfavorable a outro proxecto tramitado nesta zona, o denominado Carballoso (antigo Coto das Airas modificado e ampliado).




Ilustración 51. Zonas bien Conservadas en Estudio

3º Proximidade do subparque Greco Norte á Rede Natura 2000 (ZEC Serra do Cando).

4º Efectos sinérxicos e acumulativos, efecto barreira e superación da capacidade de carga do territorio. Nun radio de 25 km de 17 parques eólicos en funcionamento, que



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suman 421 aeroxeradores; 22 proxectos autorizados, que suman 116 aeroxeradores; e 2 parques eólicos autorizados sen acceso e conexión (7 aeroxeradores).

Tal como sinala o informe de determinación ambiental do proxecto eólico Hedreira “O grande número de parques eólicos en funcionamento, en obras, autorizados e en tramitación na zona podería superar a capacidade de acollida do territorio”.

5º Impacto sobre o patrimonio cultural integrado por unha rica rede de camiños históricos e un conxunto de bens etnográficos que a propia Xunta considera elementos singulares e únicos desta zona de Galiza, pola “existencia de numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suído”. Indícase tamén que “Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, en perfecta harmonía co medio natural. A técnica de construción en pedra seca figura incluída no Censo do patrimonio cultural de Galiza como manifestación do patrimonio cultural inmaterial”.

6º Impacto sobre o medio hídrico (regos, regatos mananciais, augas subterráneas) incluíndo a afección directa á Reserva Natural Fluvial do río Parada de Valdehome.

7º Impacto nunha zona de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión.

4. Aínda que o parque eólico proxectado está fóra de ADE, a Xunta acordou no mes de agosto de 2025 declarar o parque eólico GRECO como proxecto con unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, aos efectos do previsto na normativa reguladora do sector eólico e na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza.

5. O goberno galego está a promover -vía lei de acompañamento dos orzamentos de 2026- unha modificación da norma que regula a protección da paisaxe para facer



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevalecer os proxectos eólicos sobre a protección da paisaxe: "*A declaración do interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación, atendendo ás finalidades en que se basea, terase en conta como un elemento de singular relevancia ao ponderar os intereses xurídicos de cada caso na emisión dos informes de impacto e integración paisaxística previstos na normativa de desenvolvemento desta lei, así como nos procedementos de avaliación ambiental necesarios para a autorización dos proxectos nos que se valore esta integración paisaxística, de tal modo que se dea prioridade á construción e explotación dos parques e ao desenvolvemento das súas infraestruturas de evacuación*".

Esta modificación semella feito a medida para cambiar o sentido dos informes de impacto paisaxístico que foron determinantes para avaliacións de impacto ambiental negativas na zona na que se pretende construír o Parque eólico GRECO.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai o goberno da Xunta poñerse do lado dunha grande empresa enerxética con sede en Madrid e en contra dos intereses da veciñanza afectada dos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Fornelos, Avión e Beariz?

Considera a Xunta que o proxecto eólico GRECO e outros en tramitación son compatibles coa preservación dos valores naturais e paisaxísticos da serra do Suido?

Ten previsto o goberno galego levar a cabo a protección efectiva do sistema de turbeiras da Serra do Suído, pola súa excepcional importancia para a regulación do ciclo hidrolóxico e a prevención do cambio climático?



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten previsto levar a cabo a Xunta para protexer a zona en bo estado de conservación da Serra do Suido e os seus hábitats de interese prioritario, para desta maneira evitar os impactos dos proxectos industriais que lle afectan?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:34
Nº Rexistro: 38438
Data envío: 10/11/2025 11:23:34.097

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 10/11/2025 11:21:15

Cristina Fernández Davila na data 10/11/2025 11:21:26

Alexandra Fernández Gómez na data 10/11/2025 11:21:38

Noa Presas Bergantiños na data 10/11/2025 11:21:45

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:23:34
Nº Rexistro: 38438
Data envio: 10/11/2025 11:23:34.097

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 11:23:34**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:38:01
Nº Rexistro: 38445
Data envio: 10/11/2025 11:38:01.003



# Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O proceso de repotenciación eólica que se está a impulsar en Galicia supón unha transformación profunda do mapa enerxético do país. A substitución de antigos aeroxeradores por outros de maior potencia e rendemento non é un simple cambio tecnolóxico: implica unha modificación substancial na recadación derivada do canon eólico e, en consecuencia, nos ingresos do Fondo de Compensación Ambiental (FCA), que se nutre directamente dese imposto ambiental.

A nova realidade enerxética, marcada pola concentración empresarial e pola redución do número de máquinas por parque, provocará unha diminución significativa da recadación total.

Este descenso afectará especialmente aos concellos rurais que, durante anos, viron no Fondo de Compensación Ambiental un instrumento esencial para financiar servizos básicos, mellorar infraestruturas e promover proxectos de desenvolvemento local.

Ademais, o modelo actual non contempla mecanismos suficientes para garantir que as comunidades locais participen dos beneficios xerados pola explotación dos recursos eólicos, nin que teñan voz nas decisións sobre o seu aproveitamento.

Asinado o día 10/11/2025 ás 11:22
Por Lara Méndez López

Asinado o día 10/11/2025 ás 11:22
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:38:01
Nº Rexistro: 38445
Data envío: 10/11/2025 11:38:01.003

Mentres os promotores aumentan a súa rendibilidade grazas á modernización tecnolóxica, os territorios afectados corren o risco de perder capacidade económica e autonomía financeira, acentuando as desigualdades territoriais xa existentes.

Por iso, resulta urxente adaptar o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental á nova etapa da repotenciacións eólicas no pais, garantindo unha xestión máis xusta, transparente e participativa, que asegure retorno económico, equidade territorial e beneficio social real para Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que estimación realiza a Xunta sobre a perda de recadación do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental derivada dos procesos de repotenciación dos parques existentes?
2. Prevese algunha modificación normativa para garantir que os concellos non vexan reducidos os seus ingresos por mor da diminución do número de aeroxeradores instalados?
3. Que medidas ten previsto o Goberno galego para asegurar que os concellos afectados manteñan a capacidade de financiar proxectos con fondos procedentes do canon eólico?
4. Vai a Xunta introducir criterios de equidade territorial na distribución do Fondo de Compensación Ambiental para evitar o agravamento das desigualdades entre municipios?
5. Prevese impulsar mecanismos de participación pública e comunitaria nos novos proxectos eólicos repotenciados, tal e como recolle a Lei 2/2024 de impulso dos proxectos de participación pública?

Santiago de Compostela, a 10 de novembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:38:01
Nº Rexistro: 38445
Data envio: 10/11/2025 11:38:01.003

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/11/2025 11:22:41

Lara Méndez López na data 10/11/2025 11:22:47

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 11:38:01
Nº Rexistro: 38445
Data envio: 10/11/2025 11:38:01.003

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 11:38:01**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:10:46
Nº Rexistro: 38452
Data envío: 10/11/2025 13:10:46.851

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 10/11/2 13:09 Por Víctor Baladrón L
Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 10/11/2025 ás 13:09 Por Raquel Arias Rodríguez
Asinado o día 10/11/2025 ás 13:09 Por María Encarnación Amigo Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Magdalena Pérez Millares,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Recentemente a Consellería de Sanidade publicou as listas de espera por áreas sanitarias, correspondentes ao primeiro semestre de 2025. Agora, unha vez publicado o informe do Ministerio de Sanidade onde se recolle a información de todas as comunidades, estes datos veñen a ser completados e pódense comparar co resto de territorios.

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, relativos ao primeiro semestre de 2025, situaban Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con mellores tempos de espera media cirúrxica. Ademais, Galicia tamén ocupa boas posicións no que a pacientes en espera cirúrxica con máis de seis meses de espera se refire, sendo das comunidade con menor porcentaxe.

Os números reflicten o traballo e esforzo realizado polos grandes profesionais cos que conta o Servizo Galego de Saúde, que a diario dan o mellor de si mesmos para prestar a mellor atención sanitaria posible aos seus pacientes.

Por todo o anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia dos datos das listas de espera correspondentes ao primeiro semestre de 2025?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:10:46
Nº Rexistro: 38452
Data envio: 10/11/2025 13:10:46.851

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:10:46
Nº Rexistro: 38452
Data envio: 10/11/2025 13:10:46.851

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2025 13:09:06**
**Raquel Arias Rodríguez na data 10/11/2025 13:09:16**
**Víctor Baladrón Lamas na data 10/11/2025 13:09:29**
**Nicole Grueira Fernández na data 10/11/2025 13:09:40**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/11/2025 13:09:49**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 10/11/2025 13:10:02**
**Noelia Pérez López na data 10/11/2025 13:10:14**
**Ethel Vázquez Mourelle na data 10/11/2025 13:10:23**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 10/11/2025 13:10:32**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:10:46
Nº Rexistro: 38452
Data envio: 10/11/2025 13:10:46.851

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 13:10:47**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 13:39:31
Nº Rexistro: 38457
Data envio: 10/11/2025 13:39:31.376

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Carmen Rodríguez Dacosta,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral** na **Comisión de Control da Corporación dos Servizos Audiovisuais de Galicia**.

Vimos de coñecer que o share de audiencia de outubro da Televisión de Galicia cae hasta o 7,7 %, manténdose por debaixo das cifras de 2024 que foi o peor ano da historia. É a maior caída entre as canles da FORTA o que vai provocar que este ano vaia a saldarse con un balance que será aínda peor que o do ano 2024.

Non é que non se soubese, nin tampouco é sorpresivo, pero resulta paradóxico ver como esmorece este modelo de información e entretemento no que a actual directora é coñecedora e co responsable pola súa implicación profesional coa Radio e Televisión de Galicia.

**Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre unha atención educativa domiciliaria adaptada ás necesidades de cada alumna/o que a precisa e a resposta que debe dar a Consellería de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención educativa domiciliaria que precisa o alumnado que presenta dificultades para asistir de maneira continuada aos centros educativos está recollida no artigo 62 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado sos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, indicando que será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes.

No mesmo artigo establécese que "O profesorado de atención educativa domiciliaria, tendo en conta a programación do correspondente ciclo ou nivel e un informe da situación académica do alumnado, facilitada polo profesorado titor da alumna ou do alumno elaborará, en coordinación con este e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, un programa individualizado de atención educativa que desenvolverá coa alumna/o durante o período de tempo en que non poida asistir ao centro docente, que, con carácter xeral, terá unha consideración trimestral, de xeito que se realice o seu seguimento e posibles axustes coincidindo con cada sesión de avaliación. Neste



Asinado o día 11/11/2025 ás 12:19
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 11/11/2025 ás 12:19
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

programa deberán constar os aspectos curriculares, metodolóxicos, organizativos, de coordinación, seguimento, temporización e revisión que garantan a adecuación as circunstancias do alumnado". "A persoa titora coordinarase regularmente co profesorado de atención educativa domiciliaria, a quen traladará, obtidas do equipo docente, as tarefas planificadas para a aula ordinaria e a súa temporización".

Este artigo 62 especifica que as modalidades de prestación da atención domiciliaria serán presencial no domicilio, virtual e mixta, en consideración ao nivel educativo do/a alumno/a, a dispoñibilidade de recursos da familia e o benestar do/a menor.

Na actualidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP está a denegar a maioría das solicitudes presentadas polas familias, cando o único requisito sería permanecer máis dun mes na situación que provoca non poder asistir ao seu centro de referencia e iso estaría respaldado cun simple informe médico. As poucas solicitudes que están autorizar son limitadas a 5 horas semanais como máximo, onde unha hora pérdese no desprazamento, e cunha duración estimada de ata final de curso. Esta carga horaria parece insuficiente en moitos casos, amais de non ter respaldo na normativa vixente.

Este tipo de atención é moi importante para o alumnado doente que debe permanecer no seu domicilio, xa que este será o contacto preciso para non desconectarse do ambiente escolar, non perder totalmente o ritmo da súa clase e tamén manter o contacto social que, sobre todo na adolescencia, é fundamental.

A normativa deixa claro amais que: "...O programa individualizado centrarase no mantemento e desenvolvemento das competencias clave e das materias instrumentais que garantan o axeitado retorno á actividade educativa cotiá, garantindo que isto non interfira no proceso de recuperación física do alumnado, e contará, no seu caso, co apoio do profesorado especialista que atende ao alumno no centro docente".

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Queda claro pois, que o alumnado que precise esta atención domiciliaria vai depender só dos seus informes médicos para que o plan de traballo educativo, personalizado e individual, non interfira na súa recuperación e en ningún caso limítase normativamente a atención docente presencial a 5 h semanais.

O número de horas debe quedar pois establecido mediante outros criterios como son a situación médica do alumno/a, así como dunha avaliación previa do desenvolvemento das competencias clave e das materias instrumentais por parte do alumno/a.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Por que está a denegar a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a atención educativa domiciliaria a numerosas familias que o solicitan para súas fillas ou fillos que van permanecer nos seus domicilios sen poder asistir aos centros educativos de referencia?

2.- Cal é a razón pola que a Consellería de Educación non permite ampliar o número de horas semanais de atención educativa domiciliaria para aquel alumnado que o precisa para avanzar e os seus informes médicos así o avalan?

3.- Por que a Consellería escúdase na Resolución do 30 de novembro de 2020 pola que se ditan instrucións para a atención educativa do alumnado vulnerable no curso 2020/21 pola Covid, se é evidente que tiña carácter delimitado pola Pandemia deses anos?

4.- Vai regular a atención educativa domiciliaria para aquel alumnado que presenta dificultades para asistir de maneira continuada aos centros educativos, segundo os seus informes médicos?



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:21:55
Nº Rexistro: 38531
Data envio: 11/11/2025 12:21:55.118

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5.- Vai a Consellería garantir mediante esta normativa autonómica os recursos docentes que o alumno/a precisa, como poden ser especialistas PT ou AL e aqueles materiais que faciliten a súa comprensión ou comunicación?

6.- Vai a Consellería de Educación valorar o número de horas e sesións á semana necesarias para conseguir que o alumno/a avance no seu domicilio, seguindo criterios educativos e tendo en conta ao titor/a, departamento de Orientación e os seus informes médicos?

7.- Vai resolver este procedemento de xeito áxil para que o alumnado poida dispoñer de todos os recursos precisos ao comezo do curso escolar como o resto de compañeiras/os ou no menor prazo posible unha vez se dan as circunstancias para solicitar a atención domiciliaria e se presenta a solicitude por parte das familias?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:21:55
Nº Rexistro: 38531
Data envio: 11/11/2025 12:21:55.118

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 11/11/2025 12:19:33**

**Ariadna Fernández González na data 11/11/2025 12:19:46**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:21:55
Nº Rexistro: 38531
Data envio: 11/11/2025 12:21:55.118

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2025 12:21:55**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:46:25
Nº Rexistro: 38547
Data envío: 11/11/2025 12:46:25.519

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativas ás promesas do goberno galego dun novo Centro de Saúde para o Carballiño, ás súas previsións e ás razóns da non inclusión dunha partida específica no Proxecto de Orzamentos de 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis dunha década a poboación da vila do Carballiño e da súa contorna vén reclamando a construción dun novo Centro de saúde como solución aos graves problemas de infraestruturas e dotación do seu actual toda vez que se certificou a imposibilidade de poder resolvelos a través dunha simple modernización e renovación das instalacións actuais.

Porén, non foi até o ano 2022 que o goberno da Xunta do Partido Popular entrou aparentemente en razón e se comprometeu a esta infraestrutura, malia que xa no ano 2021 persoas expertas da Xunta de Galiza comprobaron a inadecuación dunha alternativa de rehabilitación. Como punto de partida, cómpre sinalar que é incomprensible esta dilación, pois hai que ter en conta que O Carballiño é o segundo concello máis poboado do territorio administrativamente coñecido como provincia de Ourense e que ademais presta servizos á contorna, sendo unha das comarcas máis poboadas do interior sur do noso país. Malia a importancia desta demanda e a súa imperiosa necesidade, a Xunta de Galiza leva anos desatendéndoa e inmersa nunha continua operación de publicidade e propaganda pola cal dilatou *anos* o ofrecemento

Asinado o día 11/11/2025 ás 12:45
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 11/11/2025 ás 12:45
Por Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha alternativa malia a insistencia, habitualmente unánime, do municipalismo do concello carballinés e da súa contorna.

O 2 de xullo de 2021 o Presidente da Xunta anunciaba repetidamente na cidade de Ourense compromisos con infraestruturas sanitarias e respecto dos centros de saúde a nota informativa da Xunta recollía o seguinte: *"a Administración autonómica está a avaliar a posible construción dun novo centro de saúde no Caballiño ou a ampliación do xa existente."* mais este aparente compromiso non chegou até o ano 2023 coa promesa *"dun futuro Centro Integral de Saúde para O Carballiño, cun edificio de 4.500 metros cadrados de superficie"*. Aínda así, despois desta data, continuaron os problemas canto á hipotética ubicación.

Recentemente, o 16 de outubro de 2025 publicábase no Diario Oficial de Galiza, en cumprimento do disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo, e nos artigos 144.18 e 199 do Decreto 143/2016, do 23 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento, a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do Concello do Carballiño na ordenanza núm. 9 equipamentos e dotacións, mediante a Orde da Conselleria de Vivenda e Planificación de Infraestruturas do 3 de outubro de 2025 para dar adiante á recualificación de terreos da Estación de Autobuses de Carballiño.

Porén, malia os anuncios do goberno galego, nos orzamentos de 2026 non se consigna partida especifica. Asemade, a Xunta de Galiza non aclara como vai resolver os previsibles problemas de accesibilidade e aparcadoiro e non aclara a dotación prevista de especialidades máis alá de anuncios xenéricos mentres a bisbarra do Carballiño sofre o deterioro global que ten en crise a Atención Primaria do noso país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galiza para facer realidade o novo centro de saúde do Carballiño?

Cales son as razóns para non consignar unha partida orzamentaria específica?

Cales son as razóns da demora?

Cal é a previsión de aumento de especialidades e servizos?

E de persoal?

Como prevé o goberno galego reorganizar e reforzar o transporte público para dar cobertura a esta infraestrutura e ás necesidades da poboación?

Como prevé o goberno galego resolver os previsibles problemas de aparcadoiro e mobilidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:46:25
Nº Rexistro: 38547
Data envio: 11/11/2025 12:46:25.519

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/11/2025 12:45:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/11/2025 12:45:16**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:46:25
Nº Rexistro: 38547
Data envio: 11/11/2025 12:46:25.519

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2025 12:46:26**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:53:03
Nº Rexistro: 38552
Data envio: 11/11/2025 12:53:03.422

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 11/11/2 12:51
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 11/11/2025 ás 12:51
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 11/11/2025 ás 12:51
Por Paulo Ríos Santomé

**Á Mesa do Parlamento**

**Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás medidas oportunas a tomar ante os graves e reiterados incumprimentos no servizo público de transporte por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que a Unión Temporal de Empresarios (UTE) de Lugove foi adxudicada pola Xunta de Galiza para xestionar o servizo de transporte público na comarca do Baixo Miño, os problemas vinculados á calidade do servizo foron en aumento, xerando unha situación insostible para os usuarios e veciños de toda a comarca.

O transporte público, que debería desenvolver un papel fundamental na mobilidade da poboación, especialmente no rural, viu minguada a súa capacidade para cubrir as necesidades básicas dos cidadáns.

Ao longo da vida da concesión confirmouse reiteradamente o incumprimento dos horarios oficiais por parte da empresa concesionaria, o que xerou graves molestias aos usuarios, que se ven obrigados a agardar durante longos períodos, sen ter certeza da hora de chegada dos autobuses. Esta falta de fiabilidade nos tempos de tránsito non só crea incomodidade, senón que tamén afecta á planificación diaria das persoas, sobre todo das que dependen do transporte público para desprazarse aos seus lugares de estudo ou traballo.



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:53:03
Nº Rexistro: 38552
Data envio: 11/11/2025 12:53:03.422

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A esta situación de incumprimento dos horarios súmase o problema da sobrecarga dos pasaxeiros nos autobuses. En numerosas ocasións os vehículos están totalmente cheos, o que obriga a moitos usuarios a permanecer nas paradas sen poder acceder ao servizo ou tamén en moitos casos, obriga a usuarios e usuarias a realizar o percorrido da liña de pé, sen que existan elementos homologados para facelo de xeito seguro.

O servizo non só non responde á demanda existente, senón que tamén está saturado, evitando que as persoas cheguen a tempo aos seus destinos, afectando tanto á súa vida persoal como profesional.

Outro aspecto alarmante é a redución da oferta nos horarios máis concorridos, sobre todo a primeira hora da mañá ou ao mediodía, o que está afectando especialmente aos que se desprazan ao campus universitario de Vigo (CUVI), aos centros educativos e aos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. Ademais, o tempo de percorrido das liñas prolongouse considerablemente, con traxectos que duran moito máis do previsto, o que indica unha falta de planificación eficiente e unha inadecuada adaptación do servizo ás necesidades reais dos usuarios.

Após de todos estes incumprimentos reiterados por parte da empresa concesionaria, a Xunta de Galiza decidiu rescindir os contratos de transporte coa UTE Lugove tanto na comarca do Baixo Miño como na do Val Miñor. O curioso é que a Xunta de Galiza indique que esta rescisión de contrato fose de "mutuo acordo" coa empresa, mentres que esta última leva moito tempo incorrendo en incumprimentos reiterados do propio contrato.

A realidade é que os contratos de transporte do Baixo Miño son un exemplo claro do desastre que supoñen os proxectos de explotación e o proceso de contratación do Plan de Transporte da Xunta de Galiza. Contratos mal calculados que só son

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:53:03
Nº Rexistro: 38552
Data envio: 11/11/2025 12:53:03.422

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perdurables no tempo en base aos incumprimentos permitidos por parte da Xunta de Galiza.

Neste sentido é fundamental que a Xunta de Galiza elabore un novo proxecto de explotación con rigorosidade e calidade técnica, que responda ás necesidades dos usuarios e usuarias, non aos das empresas concesionarias ou consultoras nesta materia.

Alén disto é necesario que a Xunta de Galiza tome as accións necesarias para non seguir permitindo os incumprimentos da empresa concesionaria no tempo que dure a prestación obrigado do servizo por parte da empresa até que o novo contrato entre en vigor.

O transporte público nos diferentes concellos da Comarca non só é unha necesidade básica, senón que ten un papel estratéxico na mobilidade da poboación. Neste contexto, resulta incomprensible que se xestione tan mal un servizo desta relevancia. A situación actual non só afecta aos cidadáns na súa vida diaria, senón que ten implicacións máis amplas para o conxunto da comarca.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cales foron as causas que motivaron a rescisión dos contratos da concesionaria Lugove no Baixo Miño?

2. Vai a Xunta de Galiza a reclamar un cumprimento total dos actuais contratos até a entrada en vigor dos novos?

3. Cantas, e por que motivo, foron as sancións impostas pola Xunta de Galiza no transporte público do Baixo Miño desde a posta en marcha do Plan de Transporte?



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:53:03
Nº Rexistro: 38552
Data envio: 11/11/2025 12:53:03.422

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Existiron incumprimentos de contrato no servizo de transporte público do Baixo Miño desde a implantación do Plan de Transporte?

5. Cantos quilómetros considera a Xunta de Galiza que poden percorrer de pé os usuarios e usuarias do transporte interurbano sen elementos de seguridade homologados con tal fin?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:53:03
Nº Rexistro: 38552
Data envio: 11/11/2025 12:53:03.422

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 11/11/2025 12:51:26**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/11/2025 12:51:36**

**Luis Bará Torres na data 11/11/2025 12:51:43**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 12:53:03
Nº Rexistro: 38552
Data envio: 11/11/2025 12:53:03.422

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2025 12:53:04**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:15:09
Nº Rexistro: 38562
Data envio: 11/11/2025 13:15:09.630



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Couceiro Freijomil de Pontedeume, o curso actual comezou cunha situación anómala na etapa de Educación Infantil, onde non se está a cubrir unha titoría debido a que a docente titular se atopa en comisión de servizos. Esta circunstancia xa se produciu no curso pasado, e daquela finalmente se procedeu á cobertura do posto despois de varias semanas de demora.

Neste curso, a situación repítese, afectando directamente ao funcionamento normal das aulas de Infantil. Nesta ocasión a Xunta de Rueda non deu unha resposta axeitada, mantendo sen cobertura unha praza esencial para o desenvolvemento educativo e emocional do alumnado máis pequeno do centro. Esta situación é insostible e pon de manifesto a falta de previsión da administración educativa, que coñecía con antelación a existencia da comisión de servizos e non planificou a substitución necesaria.

Asinado o día 11/11/2025 ás 13:12
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 11/11/2025 ás 13:12
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verficación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:15:09
Nº Rexistro: 38562
Data envio: 11/11/2025 13:15:09.630



Garantir o dereito á educación pasa tamén por asegurar a cobertura inmediata de todas as prazas docentes, especialmente nas etapas de infantil, onde a presenza continua da titora é indispensable para o correcto desenvolvemento do alumnado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non cubrira ata o de agora a titoría de Educación Infantil no CEIP Couceiro Freijomil de Pontedeume, sabendo que a docente se atopa en comisión de servizos?
2. En que prazo prevé o Goberno galego proceder á cobertura desta praza?

Santiago de Compostela, a 11 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:15:09
Nº Rexistro: 38562
Data envio: 11/11/2025 13:15:09.630

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 11/11/2025 13:12:05**

**Silvia Longueira Castro na data 11/11/2025 13:12:11**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:15:09
Nº Rexistro: 38562
Data envio: 11/11/2025 13:15:09.630

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2025 13:15:10**

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:17:05
Nº Rexistro: 38565
Data envio: 11/11/2025 13:17:05.304



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Couceiro Freijomil de Pontedeume, o curso actual comezou cunha situación anómala na etapa de Educación Infantil, onde non se está a cubrir unha titoría debido a que a docente titular se atopa en comisión de servizos. Esta circunstancia xa se produciu no curso pasado, e daquela finalmente se procedeu á cobertura do posto despois de varias semanas de demora.

Neste curso, a situación repítese, afectando directamente ao funcionamento normal das aulas de Infantil. Nesta ocasión a Xunta de Rueda non deu unha resposta axeitada, mantendo sen cobertura unha praza esencial para o desenvolvemento educativo e emocional do alumnado máis pequeno do centro. Esta situación é insostible e pon de manifesto a falta de previsión da administración educativa, que coñecía con antelación a existencia da comisión de servizos e non planificou a substitución necesaria.

Asinado o día 11/11/2025 ás 13:12
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 11/11/2025 ás 13:12
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Garantir o dereito á educación pasa tamén por asegurar a cobertura inmediata de todas as prazas docentes, especialmente nas etapas de infantil, onde a presenza continua da titora é indispensable para o correcto desenvolvemento do alumnado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia que a falta desta titoría garante o dereito á educación e o benestar do alumnado de infantil neste centro?
2. Que medidas está a adoptar o Goberno galego para que situacións como esta non se repitan en futuros cursos escolares?

Santiago de Compostela, a 11 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:17:05
Nº Rexistro: 38565
Data envio: 11/11/2025 13:17:05.304

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 11/11/2025 13:12:19**

**Silvia Longueira Castro na data 11/11/2025 13:12:25**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2025 13:17:05**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:26:43
Nº Rexistro: 38572
Data envío: 11/11/2025 13:26:43.938

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 11/11/2 13:23
Por Brais Ruanova Vi

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García**, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de desenvolver e acelerar os procesos da creación do polígono industrial do concello de Muras.

Asinado o día 11/11/2025 ás 13:23
Por Ramón Fernández Alfonzo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de asentar poboación e actividade empresarial no rural debe ser un dos obxectivos máis importantes para calquera goberno deste país. Para iso faise vital que os concellos do rural galego poidan ter unha oferta laboral o máis diversificada posible e ofrecer os mesmos servizos que calquera outra vila ou cidade galega.

Neste sentido, os polígonos industriais teñen unha grande importancia para asentar empresas nos concellos e aumentar o emprego de todas as nosas vilas. Por esa razón, o concello de Muras iniciou no 2018 os procesos necesarios para que este concello do rural puidese contar cun polígono industrial, a sabendas de que existía e existe un grande interese de diversas empresas do sector do plástico de afincar as súas naves e centros laborais nesta localidade ao precisar de máis metros cadrados para poder seguir crecendo empresarialmente.

Asinado o día 11/11/2025 ás 13:21
Por Daniel Castro García

Deste xeito, ano a ano fóronse dando todos os pasos necesarios e presentando todos os informes positivos para comezar a construción deste polígono industrial, mais xa en 2025 bastantes anos despois do comezo do procedemento a Xunta de Galiza

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

continúa a poñer paus nas rodas para que Muras poida seguir crecendo empresarialmente.

Este comportamento faise pouco comprensible, ao estarmos a falar de que a administración autonómica requiriu novos documentos que non considerou necesarios en anos pasados, provocando que a poboación de Muras e as empresas interesadas sigan sen poder ter ese espazo que tantos beneficios traería á localidade.

Estas trabas son aínda máis difíciles de entender se falamos de vilas do rural avellentadas como Muras, nas que a aparición de novas oportunidades laborais servirían sen dúbida algunha como oportunidade para afincar nova poboación no concello e rexuvenecer o mesmo coa chegada de novas familias que queiran vivir en Muras ou tamén dándolle outras opcións laborais a poboación deste concello.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Vai a Xunta de Galiza favorecer a creación do polígono industrial de Muras?

- Cal é a razón que explica que a Xunta de Galiza siga poñendo trabas á creación do polígono industrial de Muras?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:26:43
Nº Rexistro: 38572
Data envio: 11/11/2025 13:26:43.938

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 11/11/2025 13:21:36**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 11/11/2025 13:23:30**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/11/2025 13:23:51**

**José Manuel Golpe Acuña na data 11/11/2025 13:24:32**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:26:43
Nº Rexistro: 38572
Data envio: 11/11/2025 13:26:43.938

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2025 13:26:44**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:59:58
Nº Rexistro: 38578
Data envio: 11/11/2025 13:59:58.851

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto** e **Luis Bará Torres,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a distribución dos fondos públicos para depuración e saneamento no orzamento 2026 de Augas de Galiza: falta de enfoque integral e abandono das zonas rurais e pequenos concellos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta concentra 31,3 millóns de euros en Vilagarcía de Arousa, mentres outras grandes depuradoras captan 13,9 millóns (Cee-Corcubión) e 13,6 millóns (Arcade-Vigo). Esta estratexia consolida un modelo altamente desequilibrado que marxina as zonas rurais e os pequenos concellos, contradicindo os principios fundamentais da Lei 9/2010 de Augas de Galiza.

**Desequilibrio estrutural na distribución de fondos**

A análise do documento de orzamentos 2026 de Augas de Galiza revela un patrón claro de concentración de investimentos en grandes proxectos urbanos de notoriedade mediática. Segundo a táboa de territorización (apartado I.3), Vilagarcía de Arousa recibirá 31,3 millóns de euros para ampliacións de EDAR, mentres que Cee-Corcubión (13,9 M€) e Arcade-Soutomaior (13,6 M€) conforman o segundo nivelamento en captación de recursos.

Esta concentración contrasta drasticamente coa situación do saneamento rural: Ferrol, o maior núcleo disperso de Galiza, recibirá apenas 8,5 millóns de euros para a



Asinado o día 11/11/2025 ás 13:58
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 11/11/2025 ás 13:58
Por Montserrat Valcárcel Armesto

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeira fase do saneamento rural, unha cantidade manifestamente insuficiente para un territorio con miles de fogares dispersos sen acceso a redes axeitadas.

**A marxinación sistemática dos pequenos concellos**

A táboa de territorización especifica que máis de 60 municipios galegos repártense partidas mínimas: desde 25.289 euros ata 100.000 euros en casos máis dotados. Esta fragmentación de recursos, dispersa en cantidades residuais, imposibilita solucións reais de saneamento e depuración.

O resultado é a perpetuación dun sistema onde:

• Os pequenos núcleos seguen dependendo de fosas sépticas deficientes, cun impacto ambiental significativo.

• A contaminación difusa continúa verténdose directamente aos ríos e acuíferos.
• Non hai mellora real na calidade de vida nin nas garantías sanitarias.

**Débedas históricas de máis de dúas décadas**

O documento reflicte un problema acumulado: municipios coma Ponteareas, O Incio e Palas de Rei seguen sen plans integrais de saneamento despois de máis de vinte anos de promesas incumpridas. Aínda que o orzamento inclúe referencias a finalizacións de obras, estas son excepcións: a maioría dos pequenos concellos non está incluída en plans realistas de execución.

A falta de continuidade nos proxectos, a falta de financiamento adecuado e a priorización de grandes depuradoras xerou un sistema onde a inequidade territorial é estrutural.

**Incumprimento dos principios legais**



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:59:58
Nº Rexistro: 38578
Data envio: 11/11/2025 13:59:58.851

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei 9/2010 de Augas de Galiza establece explicitamente o principio de "solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias". Este principio fundacional non está sendo respectado no modelo de orzamentos presentado.

De forma similar, o Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 contempla como obxectivo garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración aos cidadáns. Pero a realidade do orzamento 2026 contradí este obxectivo universalista.

Ademais, Galiza forma parte da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, que inclúe o Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento. Non pode existir "para todos" se se marxina sistematicamente o rural.

**A visibilidade mediática como criterio non aceptable**

A sospeita é que a política de investimentos segue criterios de visibilidade electoral e mediática por enriba de criterios técnicos, sociais e ambientais. As depuradoras de Vilagarcía, Cee-Corcubión e Arcade son obras de gran impacto visual e político. Pola contra, o saneamento rural non xera titulares de prensa, e por iso é posposto reiteradamente.

Esta lóxica é inaceptable, pois sacrifica a protección ambiental integral, a igualdade de dereitos dos cidadáns galegos e a sustentabilidade a medio e longo prazo.

**Contradición coa planificación declarada**

O documento de orzamentos sinala que “no ano 2026 axudaremos a acabar de desenvolver as redes municipais, sobre todo nas zonas identificadas no plan director de saneamento”. Non obstante, a análise evidencia que moitas zonas identificadas nin figuran nos orzamentos ou teñen asignacións vestixiais.



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai unha brecha entre a retórica e a realidade que caracteriza a falta de rigor nas políticas hídricas de saneamento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cal é o criterio utilizado pola Xunta para a asignación dos investimentos en depuración e saneamento nos orzamentos de 2026?

2. Por que se mantén a marxinación das zonas rurais e dos pequenos concellos, con reparticións mínimas que imposibilitan solucións reais?

3. Que explicación dá o Goberno ao feito de que concellos coma Ponteareas, O Incio ou Palas de Rei, levan máis de dúas décadas sen plans de saneamento integral?

4. Que medidas pensa adoptar a Xunta para corrixir o desequilibrio inversor e acadar a cobertura universal do servizo?

5. Como se garante, nos orzamentos, o cumprimento do principio de equidade territorial e ambiental recollido na lexislación galega e estatal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:59:58
Nº Rexistro: 38578
Data envío: 11/11/2025 13:59:58.851

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/11/2025 13:58:36**

**Luis Bará Torres na data 11/11/2025 13:58:43**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 13:59:58
**Nº Rexistro: 38578**
Data envio: 11/11/2025 13:59:58.851

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2025 13:59:59**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 11/11/2 14:07
Por Paloma Castro Re

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Asinado o día 11/11/2025 ás 14:06
Por Patricia Iglesias Rey

En xuño de 2013 fusionábanse os concellos de Oza e Cesuras, promovidos polo entón goberno de Feijóo. A partir daquel momento o Concello é coñecido como Oza-Cesuras e a Xunta tiña formulado, para entón, unha serie de compromisos e accións que "mellorarían" a realidade de ambos concellos ao tempo que se proveía dunha xestión municipal máis eficaz.

Máis de 12 anos despois a realidade é que incumpríronse a práctica totalidade dos compromisos adquiridos coa fusión de ambos municipios, quedando en promesas incumpridas que unicamente foron usadas para comprar a vontade das e dos veciños.

O documento fora elaborado entón pola Deputación da Coruña con Diego Calvo, hoxe vicepresidente da Xunta de Galicia, e serviu de documento base para a fusión, falábase de incremento de ingresos que experimentaría o novo municipio por diversos conceptos, como a participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, subvencións, incremento de outros ingresos etc. Textualmente dicía:

Asinado o día 11/11/2025 ás 14:06
Por Silvia Longueira Castro

"*O novo municipio contaría cunha moi importante fonte de ingresos, hoxe en día inexistente, constituída polo establecemento a curto-medio prazo, en terreos do actual municipoo de Oza dos Ríos, dunha gran industria como é sen dúbida Begano, cuxo peso económico é difícil de cuantificar pero que, sen dúbidas, vai constituír un alicerce básico que permitirá asegurar un venturoso*

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*futuro económico ao novo concello. Non só polos cuantiosos ingresos que podería deixar todos os anos nas arcas municipais (imposto de actividades económicas, imposto bens inmobles, imposto circulación de vehículos, novos veciños, etc…), senón tamén polo gran número de postos de traballo directos que vai crear, que se cifran en aproximadamente nun centenar, o que sen dúbidas axudará a serrar riqueza e a reactivar a economía de Oza-Cesuras e mesmo da comarca*.”

No apartado 2.4 do devandito documento base da fusión tamén falábase de “Implementación de novos servizos”:

“*O proxecto de fusión non se limita ao mantemento dos servizos públicos existentes, senón que prevé a implementación de novos servizos que ata o momento non se están dando cumpridamente: gardería infantil, colexio de secundaria, residencia de día da terceira idade, servizos de protección civil.*

A escola infantil foi un proxecto que veu directamente do Goberno de España, durante o goberno de José Luis Rodríguez Zapatero no que a Consellería de Benestar firmou un convenio co Ministerio de Educación para a construción de varias escolas infantís en Galicia, entre elas a de Oza Cesuras, sendo a súa finalidade dar cobertura aos dous concellos, pero nada ten que ver coa idea inicial coa fusión.

Como dicíamos, o documento base da fusión recollía, textualmente, o seguinte:

“ A construción dunha residencia da terceira idade, será un obxectivo prioritario para a unión….. Existe en marcha un ambicioso proxecto que ten por obxectivo o parque municipal do Sanatorio, sito no lugar de O Paraxón, parroquia de Bragade”

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38584
Data envio: 11/11/2025 14:08:49.689

No documento, incluíase un plano do edificio que albergaría a residencia da terceira idade, co edificio existente en ruínas restaurado e ampliando con un pavillón de nova construción. Nada se sabe.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando estiman desde a Xunta de Galicia que os acordos de unión dos concellos de Oza e Cesuras van a levarse a cabo?

Santiago de Compostela, a 11 de novembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38584
Data envío: 11/11/2025 14:08:49.689

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 11/11/2025 14:06:50
Patricia Iglesias Rey na data 11/11/2025 14:06:56
Paloma Castro Rey na data 11/11/2025 14:07:04

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38584
Data envio: 11/11/2025 14:08:49.689

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2025 14:08:50

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2025 16:55:54
Nº Rexistro: 38591
Data envio: 11/11/2025 16:55:54.813

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Valcárcel Armesto** e **Luis Bará Torres,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a insuficiencia e lentitude das actuacións de reparación das redes de abastecemento de auga en Galiza e o incumprimento dos obxectivos de resiliencia hídrica recollidos no Plan Estratéxico de Galiza 2022 2030.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A auga é un ben público esencial e un servizo básico que determina a calidade de vida da cidadanía, a sostibilidade ambiental e a competitividade das actividades produtivas. Garantir un abastecemento seguro, eficiente e territorialmente equilibrado é unha das obrigas fundamentais de calquera administración.

REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:36:49
Nº Rexistro: 38650
Data envio: 12/11/2025 13:36:49.146

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a aplicación do vindeiro Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de coñecer o borrador do Proxecto do Real decreto polo que se regula o plan estatal de vivenda 2026-2030, a Xunta de Galiza continúa mostrando a súa posición contraria aos seus obxectivos. Os motivos dese rexeitamento foron mudando, primeiro estaban baseados no cuestionamento do reparto das aportacións entre Xunta e Estado, mais finalmente foi aceptado. Agora, segundo as información publicadas, a Xunta vén mostrando discrepancias co contido específico do plan ao cal presentou alegacións a 39 dos 105 artigos do plan.

É por iso que dende o grupo nacionalista esiximos ao goberno galego que dea coñecer aos grupos parlamentarios o contido exacto das alegacións formuladas pola Xunta, de forma que poidamos coñecer ao detalle cales son os aspectos de acordo e discrepancia concretos entre ambos gobernos.

Igualmente, no borrador de dito plan está previsto que o seu desenvolvemento poida ser concretado ou matizado polas propias CCAA en múltiples aspectos, en atención ao marco competencial. Por tanto queremos coñecer tamén cales foron as achegas por parte do goberno galego a este respecto e se existe algunha proposta específica por parte

Asinado o día 12/11/2025 ás 13:35
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 12/11/2025 ás 13:35
Por Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

da Consellería coas competencias en vivenda para unha mellor adecuación do plan á nosa realidade concreta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- En que consisten todas e cada unha das alegacións formuladas polo goberno galego ao borrador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030?

- Cales son as motivacións para formular cada unha destas alegacións?

- Que vai facer o goberno galego nos aspectos sobre os que o Plan Estatal permite ás CCAA definir o seu desenvolvemento?

- Ten previsto a Xunta remitir algunha proposta concreta ao respecto ao goberno estatal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:36:49
Nº Rexistro: 38650
Data envio: 12/11/2025 13:36:49.146

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 12/11/2025 13:35:01

Luis Bará Torres na data 12/11/2025 13:35:09

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:36:49
Nº Rexistro: 38650
Data envio: 12/11/2025 13:36:49.146

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 13:36:49**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:55:25
Nº Rexistro: 38658
Data envío: 12/11/2025 13:55:25.664

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª.**

A Atención Primaria, como dixemos moitas veces, é a porta de entrada ao sistema público sanitario galego e constitúe o seu eixo fundamental. Na Atención Primaria resólvese unha porcentaxe moi alta dos problemas de saúde que presentan os galegos e as galegas e resólvense a maior parte das necesidades sanitarias.

Pero nos últimos anos, en concreto nos últimos 16 anos, o deterioro é progresivo neste nivel asistencial en Galicia.

Poderiamos empezar a describir situacións como as vacantes e non cobertura de prazas de Atención Primaria, listas de agarda excesivas, dificultades de accesibilidade para as consultas médicas, sobrecarga de traballo dos profesionais.

Desde o Grupo Socialista levamos anos demandando á Xunta de Galicia que tome medidas para frear este risco que ten a Atención Primaria galega. Porque os recortes acumulados, a falta dunha planificación adecuada de recursos humanos e a ausencia de medidas efectivas para garantir a estabilidade e a cobertura das prazas están a poñer en risco o dereito da cidadanía a unha atención de proximidade.

Consideramos que é imprescindible un cambio de rumbo que devolva á Atención Primaria o protagonismo e a dignidade que merece dentro do Servizo Galego de Saúde.

Asinado o día 12/11/2025 ás 13:53
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 12/11/2025 ás 13:53
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas ao corpo de profesionais seguimos mantendo unha calidade asistencial boa. Pero as persoas profesionais non poden seguir coa actual sobrecarga de traballo e a Xunta de Galicia non pode seguir pedíndolle máis e máis, cando moitas veces van máis alá do que é a súa responsabilidade.

Por todo iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a abrir un proceso de diálogo coas organización profesionais e sindicais para consensuar medidas estruturais que aseguren a sustentabilidade e calidade da Atención Primaria, respectando os dereitos dos traballadores e propoñendo melloras das súas condicións?

2. Está disposta a Xunta de Galicia a fomentar a estabilidade e fidelización do persoal sanitario de Atención Primaria, especialmente nas zonas rurais e de difícil cobertura mediante melloras das condicións laborais?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:55:25
Nº Rexistro: 38658
Data envio: 12/11/2025 13:55:25.664

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 12/11/2025 13:53:19

Silvia Longueira Castro na data 12/11/2025 13:53:29

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:55:25
Nº Rexistro: 38658
Data envio: 12/11/2025 13:55:25.664

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 13:55:26**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:57:27
Nº Rexistro: 38661
Data envio: 12/11/2025 13:57:27.545

Asinado o día 12/11/2
13:56
Por Montserrat Valcár

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os problemas do sistema de depuración de augas residuais para a rega en Xaz (Oleiros).

Asinado o día 12/11/2025 ás
13:56
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O campo de golf de Xaz, en Oleiros, aberto hai agora 4 anos, debía contar cun sistema de rega con augas residuais depuradas. Na actualidade, este sistema non está a funcionar, polo que o campo de golf está a utilizar trimestralmente máis de 38.520 metros cúbicos de auga potábel da rede xeral, conforme os cálculos do Concello de Oleiros, supoñendo un enorme desperdicio de auga e un despropósito ambiental.

Segundo informacións publicadas polo Concello de Oleiros, a falta de dispoñibilidade deste sistema de depuración está motivado por unha falta de entendemento entre dous departamentos do goberno galego, concretamente as consellarías de Medio Ambiente e de Sanidade.

Asinado o día 12/11/2025 ás
13:56
Por Iria Taibo Corsanego

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal é o motivo de que non se puxera en marcha o sistema de depuración de augas residuais de Xaz (Oleiros)?

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:57:27
Nº Rexistro: 38661
Data envio: 12/11/2025 13:57:27.545

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que ten previsto facer o goberno galego para desbloquear a posta en marcha deste sistema?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:57:27
Nº Rexistro: 38661
Data envio: 12/11/2025 13:57:27.545

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 12/11/2025 13:56:41

Luis Bará Torres na data 12/11/2025 13:56:47

Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/11/2025 13:56:55

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 13:57:27
Nº Rexistro: 38661
Data envio: 12/11/2025 13:57:27.545

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 13:57:28**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38667
Data envio: 12/11/2025 14:31:57.230



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O inicio do curso escolar 2025-2026 en Pontedeume está a vir marcado por unha situación preocupante: a ausencia de profesorado especialista en varios centros da vila, especialmente no que atinxe á atención a alumnado con necesidades educativas especiais.

Segundo puidemos coñecer a través das reclamacións realizadas polas ANPA da vila, os centros educativos están a sufrir a falla de profesionais clave para garantir unha escolarización digna e inclusiva. Faltan coidadores/as, mestres de Audición e Linguaxe, Pedagoxía Terapéutica e profesionais de apoio, o que está a condicionar o funcionamento básico do centro.

As familias e o profesorado denuncian que esta situación non é nova, senón que se repite cada ano por falla de planificación e vontade política da Xunta de Galicia que preside o Sr. Rueda. A isto súmase a práctica habitual de utilizar profesorado doutras especialidades para cubrir funcións que non lles corresponden, ou aumento encuberto das ratios nas aulas, vulnerando o dereito do alumnado a unha atención personalizada.

En Pontedeume, como no resto de Galicia, a sensación xeral é que a Xunta de Galicia segue perpetuando a desigualdade e a desprotección do alumnado máis vulnerable, o que non podemos consentir que continúe ocorrendo.

Asinado o día 12/11/2025 ás 14:26
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 12/11/2025 ás 14:26
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

Familias, profesorado e sindicatos coinciden en sinalar que se está vulnerando o dereito básico á educación inclusiva e de calidade. A situación, lonxe de ser puntual, responde a unha falla de planificación estrutural e unha política educativa que prioriza a improvisación e o parcheo sobre a equidade e a anticipación.

Resulta imprescindible poñer fin a esta realidade e garantir, con carácter estrutural, a presenza de profesionais especialistas en todos os centros educativos que o requiran, con independencia do seu nivel de protesta ou exposición mediática. Só así se poderá cumprir o dereito a unha educación pública, inclusiva e de calidade para todo o alumnado eumés.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Consellería de Educación garantir de forma inmediata a cobertura de todas as prazas de profesorado especialista necesarias nos centros educativos de Pontedeume?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38667
Data envio: 12/11/2025 14:31:57.230

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 12/11/2025 14:26:34**

**Silvia Longueira Castro na data 12/11/2025 14:26:40**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38667
Data envio: 12/11/2025 14:31:57.230

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 14:31:57**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38670
Data envio: 12/11/2025 14:33:17.586

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Pode indicar a Xunta de Galicia cantas prazas de profesorado especialista estaban previstas para Pontedeume no curso 2025-2026 e cantas están efectivamente cubertas a día de hoxe, con indicación expresa dos centros afectados?
2. Vai a Xunta de Galicia impulsar a creación dun plan específico para a atención á diversidade educativa en Pontedeume, que inclúa unha dotación suficiente de recursos humanos, un sistema de seguimento periódico e a participación efectiva da comunidade educativa? En caso negativo, por que?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

Asinado o día 12/11/2025 ás 14:26
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 12/11/2025 ás 14:26
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38670
Data envio: 12/11/2025 14:33:17.586

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 12/11/2025 14:26:48**

**Silvia Longueira Castro na data 12/11/2025 14:26:54**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38670
Data envio: 12/11/2025 14:33:17.586

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 14:33:18

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38673
Data envio: 12/11/2025 14:34:55.531

Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego elaborar e presentar ante o Parlamento de Galicia, no prazo de un mes, un informe detallado sobre as necesidades de profesorado especialista detectadas en Pontedeume para o curso 2025-2026 e a situación de cobertura real por centro educativo?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

Asinado o día 12/11/2025 ás 14:27
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 12/11/2025 ás 14:27
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38673
Data envío: 12/11/2025 14:34:55.531

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 12/11/2025 14:27:03**

**Silvia Longueira Castro na data 12/11/2025 14:27:09**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38673
Data envio: 12/11/2025 14:34:55.531

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 14:34:56**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38676
Data envío: 12/11/2025 14:35:51.883

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Pode garantir a Xunta de Galicia que ningún centro educativo de Pontedeume está a superar os límites máximos de alumnado por aula establecidos legalmente?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

Asinado o día 12/11/2025 ás 14:27
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 12/11/2025 ás 14:27
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38676
Data envío: 12/11/2025 14:35:51.883

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 12/11/2025 14:27:16**

**Silvia Longueira Castro na data 12/11/2025 14:27:22**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38676
Data envio: 12/11/2025 14:35:51.883

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 14:35:52

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38683
Data envio: 12/11/2025 16:24:53.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 12/11/2 16:22
Por María Montserrat

Asinado o día 12/11/2025 ás 16:22
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 12/11/2025 ás 16:22
Por Óscar Insua Lema

**Á Mesa do Parlamento**

**Óscar Insua Lema**, **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de reforzar e ampliar os servizos médicos e especialidades no Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira de Cee.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira, situado na vila de Cee, constitúe un servizo esencial para a poboación da Costa da Morte, que abrangue un amplo territorio con características xeográficas e demográficas específicas: dispersión poboacional, avellentamento da cidadanía e dificultades de comunicación coas áreas urbanas.

Nos últimos anos, a veciñanza e os profesionais sanitarios teñen manifestado a súa preocupación pola falta de determinados servizos médicos e especialidades, que nalgúns casos impiden garantir unha atención sanitaria de calidade e en igualdade de condicións co resto da cidadanía galega. E levamos dous anos de anuncios e esperando polo prometido servizo de onco-hematoloxía, que xa tiña que estar funcionando en setembro, segundo as palabras en sede parlamentaria do director de asistencia sanitaria, o Sr. Silva Tojo.

Mais existen servizos que deben ser reforzados de forma inmediata e que son unha demanda da cidadanía dende hai moito tempo, como un segundo médico de psiquiatría ou recuperar o servizo completo de ADO, coas dúas unidades que tiñamos anos atrás.

Ademais é necesario ampliar o servizo de diálises cunha quenda máis, pois estas semanas atrás estivo xente desprazándose á Coruña porque non tiña sitio no hospital de Cee. Precisamos aumentar o servizo de REA ata cubrir as 24 horas, o que permitiría facer intervencións cirúrxicas en calquera momento da noite no hospital, sen ter que desprazarse á Coruña por non ter o servizo de REA operativo. Así mesmo, é imprescindible e factible contar

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38683
Data envio: 12/11/2025 16:24:53.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

neste hospital comarcal cun servizo de neuroloxía, seguir aumentando os servizos de Cardioloxía, e dotalo cun servizo de logopedia e terapia ocupacional, co fin de axudar aos doentes a incrementar a súa independencia funcional derivada de enfermidades ou traumatismos e a aumentar o seu desenvolvemento e previr a incapacidade. Estes últimos servizos só se poden acceder a eles dende a sanidade privada, de aí a necesidade de ofrecelos dende a sanidade pública.

O reforzo do Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira co reforzo dos servizos existentes e con estes novos servizos non só melloraría a asistencia directa, senón que suporía tamén un elemento clave para fixar poboación e garantir a cohesión territorial e social da comarca. Non se pode falar de igualdade de oportunidades nin de cohesión territorial mentres calquera veciño da Costa da Morte teña que percorrer máis de cen quilómetros para acceder a unha consulta médica especializada. A igualdade no dereito á saúde non pode depender do código postal.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Está disposta a consellería de sanidade a mellorar a asistencia sanitaria no hospital comarcal de Cee, aumentando os existentes e implantando novos servizos?

- Sabe o goberno galego da situación de precaridade na que se atopa o servizo de hospitalización a domicilio pola falla de persoal para ter dúas unidades completas neste hospital? Ten pensado a dirección do hospital solucionar e poñer a funcionar de forma normal este servizo tan necesario para os enfermos de paliativos?

-Que accións ten pensado realizar a consellería para reducir a lista de espera en psiquiatría no hospital? Vai a modificar o cadro de persoal para que o centro hospitalario conte con dúas prazas de médico de psiquiatría?

- Cal é a razón pola que os médicos de cardioloxía da área Coruña-Cee non se desprazan todos os días da semana ao hospital comarcal en Cee, como se fai noutras áreas sanitarias, como a de Pontevedra ou a de Santiago? Que vai facer o goberno galego para evitar os desprazamentos de toda a comarca aos centros da Coruña para ser atendidos polo servizo de



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38683
Data envío: 12/11/2025 16:24:53.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cardioloxía cando non sexa primeira consulta? Existe ou non intención da consellería de sanidade de dotar ao hospital comarcal dun auténtico e completo servizo de cardioloxía?

-Ten noticia a Consellería sobre a necesidade de aumentar unha quenda máis o servizo de diálise? Sabe a consellería as razóns polas que os doentes tiveron que desprazarse estes meses atrás á Coruña a realizar os tratamentos de diálise?

- Que valoración fai o goberno galego sobre a necesidade de implantar novos servizos de neuroloxía, logopedia e terapia ocupacional no hospital comarcal "Virxe da Xunqueira"? Ten vontade algunha de estudiar estas propostas?

- Cales son os motivos polos que non se aumenta o servizo de REA para telo activo as 24 horas do día e evitar desprazamentos á Coruña pola noite para realizar intervencións cirúrxicas?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38683
Data envio: 12/11/2025 16:24:53.137

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 12/11/2025 16:22:12**

**Iria Carreira Pazos na data 12/11/2025 16:22:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2025 16:22:59**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38683
Data envio: 12/11/2025 16:24:53.137

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 16:24:53

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 17:24:50
Nº Rexistro: 38694
Data envío: 12/11/2025 17:24:50.768

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 12/11/2 17:23
Por Óscar Insua Lema
Asinado o día 12/11/2025 ás 17:23
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 12/11/2025 ás 17:22
Por José Manuel Golpe Acuña

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Luis Bará Torres** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á figura dos parques eólicos singulares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transición enerxética en Galiza require un enfoque centrado nas persoas, nas economías locais e nas administracións próximas ao territorio. A figura dos parques eólicos singulares representou no seu tempo unha oportunidade para avanzar nun modelo renovable descentralizado, xusto e sostible que nalgún caso foi motor de benestar e cohesión social.

A garantía dunha transición xusta que non deixe a ninguén atrás, aproveitando o recurso eólico da Galiza nun momento no que os prezos da enerxía eléctrica lastran o crecemento económico de PEMEs e a calidade de vida das galegas e galegos ten que ir da man das comunidades enerxéticas, o autoconsumo das PEMEs e familias, e a implicación directa dos concellos. Estes tres actores amósanse fundamentais para democratizar o acceso aos beneficios das renovables e converter Galiza nun referente europeo de autoxestión e innovación enerxética.

A potenciación das comunidades enerxéticas permite que a cidadanía se organice para producir, consumir, almacenar e xestionar a propia enerxía renovable, xerando un valor engadido directo nos lugares onde se localizan as infraestruturas. As comunidades enerxéticas impulsadas mediante parques eólicos singulares, xunto cun uso da tecnoloxía axeitada, favorecen a implicación cidadá e a aceptación social dos proxectos, pois



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

permiten que os rendementos económicos revertan nas zonas rurais e vilas afectadas, reducindo a percepción de espolio e contribuíndo á fixación de poboación. Ademais, a súa existencia promove unha cultura da participación e da responsabilidade compartida respecto dos bens comúns, estimulando outros proxectos de aforro, eficiencia ou mobilidade sostible. Os parques eólicos xestionados por comunidades encáixanse así nas directivas europeas e nas recomendacións do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que sinalan a prioridade das renovables sempre e cando se garanta o retorno social e a protección ambiental axeitada.

O autoconsumo por parte das pequenas e medianas empresas é outro dos piares fundamentais para mellorar a autonomía produtiva galega. Dispor de acceso a xeración eólica singular significa para as pemes reducir custos fixos estruturais, aumentar a súa competitividade nos mercados internacionais e reforzar o compromiso coa sustentabilidade. En Galiza, os parques eólicos con fórmulas de autoconsumo poden permitir aforros en facturación eléctrica de centos de milleiros de euros anuais, incrementando a capacidade de investimento en innovación, contratación e exportación, sen depender das flutuacións incontrolables dos prezos eléctricos globais. Ademais, abre camiños ao financiamento bonificado e á colaboración interempresarial, ofrece opcións de integración territorial para o sector produtivo non urbano e contribúe á descarbonización do tecido económico galego. A democratización da dispoñibilidade enerxética, tradicionalmente nas mans de grandes operadores, pasa así pola aposta decidida polos recursos endóxenos desde unha perspectiva de proximidade, asociativa e en réxime de economía circular.

A implicación e promoción dos concellos nos parques eólicos singulares é clave para garantir que o recurso do vento se transforme en benestar colectivo. Os concellos poden abastecer de enerxía renovable as instalacións municipais, prestar apoio a servizos públicos e reducir a súa factura pública, destinando o aforro resultante a melloras en infraestruturas, dotación de equipamentos e políticas sociais. O impulso municipal



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 17:24:50
Nº Rexistro: 38694
Data envio: 12/11/2025 17:24:50.768

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

asegura tamén unha xestión transparente, unha participación real da veciñanza e do movemento asociativo local, e unha priorización do interese xeral fronte a intereses alleos ao territorio.

O despregue destes modelos de renovables descentralizadas permitiría, ademais, asumir unha acción climática consonte co pacto verde europeo e co compromiso galego de acadar a neutralidade climática, facilitando a instalación de renovables incluso nos espazos despoboados ou en retroceso, promovendo a cohesión territorial e a igualdade de oportunidades. Galiza convértese así en laboratorio de innovación social e ambiental, apostando pola participación, a xustiza interxeracional e a solidariedade entre territorios.

Por todo isto, é fundamental adaptar a lexislación galega para que os parques eólicos singulares sexan unha ferramenta real ao servizo do autoconsumo colectivo local, das comunidades enerxéticas e dos concellos, limitando calquera uso espurio da figura e evitando a apropiación dos beneficios por axentes alleos ao interese público galego. Desta forma, a enerxía do vento poderá converterse en motor de futuro, equidade e benestar para toda a sociedade galega, aliándose coa transición ecolóxica xusta e coa cohesión social do país.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cantos parques eólicos se desenvolveron na Galiza ao abeiro da orde do 29 de outubro de 2002 pola que se determinan os requisitos para a autorización de parques eólicos singulares?

2. Que potencia instalada teñen estes parques?

3. Existen parques eólicos en réxime de autoconsumo na Galiza?



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 17:24:50
Nº Rexistro: 38694
Data envio: 12/11/2025 17:24:50.768

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

4. Vai desenvolver a Xunta de Galiza un modelo de enerxía eólica orientado a comunidades enerxéticas, autoconsumo e administración local galega?

5. Como pretende a Xunta potenciar as comunidades enerxéticas de base social?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 17:24:50
Nº Rexistro: 38694
Data envio: 12/11/2025 17:24:50.768

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 12/11/2025 17:22:52**

**Luis Bará Torres na data 12/11/2025 17:23:01**

**Óscar Insua Lema na data 12/11/2025 17:23:13**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 17:24:50
Nº Rexistro: 38694
Data envio: 12/11/2025 17:24:50.768

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 17:24:51**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 17:49:32
Nº Rexistro: 38700
Data envío: 12/11/2025 17:49:32.743

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 12/11/202
Por Secundino Fernánde
Fernández

Asinado o día 12/11/2025 ás 17:47
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 12/11/2025 ás 17:47
Por Ariadna Fernández González

**Á Mesa do Parlamento**

**Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e **Secundino Fernández Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á actuación da Xunta de Galiza en relación coa gripe aviar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A diagnose de casos de gripe aviaria durante os últimos anos amosa picos de incremento que coinciden asemade coas baixadas das temperaturas que se producen simultaneamente ao aumento dos movementos migratorios, nos que as aves se desprazan cara Asia dende Europa, co risco que iso implica. Nas dúas pasadas tempadas as notificacións sufriron un aumento claro, habendo incluso saltos da enfermidade vírica cara mamíferos, un deles en Galiza, co contaxio dunha granxa de visóns, motivo polo cal debemos ser o máis coidadosos posible para evitar a posible entrada nas explotacións avícolas e doutros tipos no país.

Falando dos datos deste ano, dende o 1 de xullo ata o 5 de novembro do 2025 detectáronse 139 casos de Influenza Aviar de Alta Patoxenicidade en aves de curral, 708 en aves silvestres e 33 en aves cativas na UE. Dentro do estado español os casos de aves de curral infestadas foron 14, perante os 68 en aves silvestres e 5 en aves cativas.

A gravidade destes casos reside nos efectos da súa detección a nivel do sector primario. Non é un segredo que a gripe aviaria nos EEUU tivo graves consecuencias, tanto polo sacrificio de millóns de aves, coma polos casos que chegaron a mamíferos, vacas de leite por exemplo ou, máis perigoso, en humanos. Non menos importante é o



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

encarecemento de produtos derivados das explotacións avícolas, en concreto os ovos, que aumentaron exponencialmente o seu prezo, feito que agora se traslada ao estado español, sen que nós quedemos alleos a tal feito.

Os efectos do padecemento desta enfermidade vírica altamente contaxiosa, que se transmite tanto directa coma indirectamente e ten unha elevada mortalidade e morbilidade, implican o sacrificio de todos os animais das explotacións afectadas, cunha posterior vixilancia da zona e dun radio arredor desta. A entrada da gripe aviar no noso país sería de extrema gravidade dada a importancia do noso sector primario dependente da avicultura e tamén debido a grande cantidade de explotacións avícolas de autoconsumo que están distribuídas polo noso territorio. Tanto unhas coma as outras, ao igual que os centros de recuperación de fauna salvaxe nos que se reciben moitas aves que precisan de coidado, deben manter a maior seguridade posible ao redor desta enfermidade, que eviten graves perdas económicas derivadas dun posible contaxio.

Ao respecto desa tentativa de controlar na medida do posible a transmisión da gripe aviar, veñen de tomarse medidas baixo a orde APA/2442/2006, co establecemento de zonas de especial risco e zonas de especial vixilancia (ZER e ZEV), que afectan a 40 concellos galegos, que deben manter as súas aves dentro, prohibíndose a cría ao aire libre cando se ven de notificar recentemente o último caso galego, cunha gaivota positiva. A situación, que a Xunta de Galiza considera de elevado risco, derivou na toma de medidas estritas segundo o goberno, confinando as aves e solicitando o reforzo das medidas de bioseguridade, tanto nas explotacións intensivas coma extensivas, evitando o contacto con aves silvestres e intensificando a vixilancia das aves domésticas e silvestres, comunicando de xeito inmediato calquera sospeita.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Considera abonda a información que se trasladou dende a Xunta de Galiza aos propietarios e propietarias das explotacións de avicultura, tanto familiares coma industriais, a información precisa sobre as medidas preventivas de bioseguridade a ter en conta nestes momentos?

2. Que información e por que medios se lles trasladou aos propietarios e a poboación en xeral sobre as medidas de bioseguridade recomendadas ou obrigatorias nestes momentos respecto da gripe aviaria?

3. Considera a Xunta de Galiza que no noso caso se deberan tomar medidas preventivas a maiores dada a importancia do noso sector avícola dentro do sector primario?

4. Existen estudos sobre o alcance económico que suporía para a gandería avícola galega o peche de fronteiras nas distintas épocas do ano, con especial énfase na etapa de Nadal, onde as vendas se multiplican? Prevé a Xunta de Galiza levalos a cabo dende a Consellería de Medio Rural?

5. Hai algún tipo de control da Xunta de Galiza sobre as importacións e exportacións con analíticas específicas extra nos casos do transporte de animais vivos ou ovos dende o noso país cara os veciños e viceversa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 12/11/2025 17:47:19**

**Sonia Vidal Lamas na data 12/11/2025 17:47:29**

**Secundino Fernández Fernández na data 12/11/2025 17:47:37**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 17:49:32
Nº Rexistro: 38700
Data envio: 12/11/2025 17:49:32.743

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 17:49:48**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 10:26:57
Nº Rexistro: 38711
Data envío: 13/11/2025 10:26:57.422

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por Ariadna Fernández González
Asinado o día 13/11/2
10:23
Por Iago Suárez Fern
Por Sonia Vidal Lamas
Asinado o día 13/11/2025 ás
10:23
Por Mercedes Queixas Zas
Asinado o día 13/11/2025 ás 10:23
Por Secundino Fernández
Fernández
CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

**Secundino Fernández Fernández**, **Mercedes Queixas Zas**, **Iago Suárez Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González**, **Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o grave abandono e a falla de persoal do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CIAM, Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, é un centro cunha traxectoria centenaria, os seus orixes remóntanse ao século XIX e foi aí a orixe da investigación agraria en Galiza.

Nos anos 70 do pasado século establécense en Mabegondo, contando cunha finca de 300 ha, edificios, laboratorios e instalacións gandeiras. Está dentro do esquema do organismo autónomo INIA (Instituto Nacional de Investigacións Agrarias). O CRIDA 01 era o CIAM e o obxectivo fundamental asignado era a investigación e desenvolvemento en sistemas de produción de carne e leite de vacún na España húmida. Un centro de referencia tamén para os centros universitarios relacionados co agro. Un centro que sempre era unha referencia na formación do enxeñeiros das ramas agrarias. Tamén tiña unha especial importancia na transferencia desas investigacións e coñecemento ao sector; aos produtores agrarios.

O centro que nos servía para ese orgullo patrio, orgullo para os gandeiros e agricultores para dicir que a profesión de gandeiro, gandeira, agricultor agricultora era importante para a sociedade e para o goberno da Xunta de Galiza. Por isto as

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións do CIAM eran, e son únicas, no Estado español para realizar traballos de investigación.

Mais este pasado glorioso deu paso a un presente con grandes incertezas. A situación nestes momentos deste centro é que leva anos nunha caída en picado no que se refire a atención e apoio económico por parte da administración responsábel deste centro, a Xunta de Galiza. Un desmantelamento progresivo que non compartimos dende o Bloque Nacionalista Galego.

A pouca altura de miras e a escasa valoración de parte dos gobernos do PP do papel decisivo que xoga a investigación pública ao servizo dun sector, o agrogandeiro, en plena transformación é unha constante.

O persoal investigador do CIAM puxo de manifesto, expresou o profundo descontento cos xestores responsábeis da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) dependente da consellería do medio rural. Expresan e denuncian tamén a situación crítica na que se atopa o centro; responsabilizando desta situación a Xunta de Galiza, ao mesmo tempo que se explica que esta situación se puxo en coñecemento dos responsábeis da Xunta de Galiza numerosas veces.

Na última semana de outubro marcharon do CIAM sete investigadores, seis deles de maneira "voluntaria" debido ao grave deterioro que está a sufrir o centro. Estes profesionais emitiron un comunicado no que explican as causas da súa saída:

Os principais motivos sinalados foron:

• A falta crónica de cobertura de prazas e a desaparición das xefaturas de departamento, o que impide consolidar liñas de investigación e equipos estables.

• O deterioro das condicións de traballo, coa necesidade de que os propios investigadores asuman tarefas de campo por falta de persoal.



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• O estado obsoleto e perigoso da maquinaria e das instalacións, con equipos precintados e infraestruturas de máis de trinta anos.

• A situación crítica das fincas e explotacións experimentais, que incumpren algúns estándares de benestar animal.

• Unha xestión autoritaria por parte do AGACAL, con falta de diálogo e transparencia, que minou o ambiente de traballo e a motivación do persoal.

• A negativa a prorrogar a estancia dunha das investigadoras mais destacadas do centro, baseándose nun informe cheo de inxurias e falsidades que a calumnian profesional e persoalmente.

Esta situación crítica do CIAM tamén afecta ás estacións experimentais do Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas.

Dende o BNG non entendemos que se siga poñendo trabas, que se siga desmantelando de maneira sistemática o noso principal centro de investigación agraria, e rexeitamos esta actuación da Xunta de Galiza contraria á investigación pública.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Cre o Goberno galego que a investigación realizada no CIAM (e por extensión os restantes centros de investigación da Consellaría do Medio Rural) é necesaria para a sector agrogandeiro galego?

2. Pretende a Xunta de Galiza seguir co desmantelamento progresivo dos centros de investigación agraria do noso pais?

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que opina a Xunta de Galiza dos problemas do CIAM e das estacións experimentais do Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas?

4. Cantos investigadores hai neste momento no CIAM e cantas prazas hai vacantes?

5. Que explicación da a Xunta de Galiza a marcha de sete investigadores 6 dos cales asinaron un escrito no que poñen de manifesto as graves deficiencias do centro?

6. Por que non se lle prorrogou a estancia a unha das investigadoras máis importantes do centro e se lle obrigou a xubilarse?

7. Cantas prazas hai vacantes no CIAM no denominado persoal de campo?

8. Que opina a Xunta de Galiza do estado das máquinas, da situacións das instalacións, equipos e infraestruturas do centro?

9. E do coidado e da situación dos animais existentes no centro?

10. Tiveron os responsábeis da Xunta de Galiza algunha xuntanza co persoal investigador do CIAM?

11. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos problemas expresados polo persoal investigador?

12. Que actuacións pretende facer a Xunta de Galiza para resolver as graves deficiencias expresadas polo persoal investigador?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 10:26:57
Nº Rexistro: 38711
Data envio: 13/11/2025 10:26:57.422

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 13/11/2025 10:23:03

Mercedes Queixas Zas na data 13/11/2025 10:23:14

Iago Suárez Fernández na data 13/11/2025 10:23:24

Luis Bará Torres na data 13/11/2025 10:23:37

Sonia Vidal Lamas na data 13/11/2025 10:23:45

Ariadna Fernández González na data 13/11/2025 10:23:54

Cristina Fernández Davila na data 13/11/2025 10:24:03

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/11/2025 10:24:10

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 10:26:57
Nº Rexistro: 38711
Data envio: 13/11/2025 10:26:57.422

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 10:26:58**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 11:10:46
Nº Rexistro: 38720
Data envío: 13/11/2025 11:10:46.142

Asinado o día 13/11/2 11:09
Por Iago Tabarés Pér

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os ataques do goberno da Xunta contra o TSXG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas véñense producindo críticas, ataques e descualificacións por parte do goberno da Xunta contra o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Nos últimos días tanto o presidente da Xunta como a conselleira de Medio Ambiente fixeron declaracións nas que descualifican as resolucións da sala terceira do contencioso-administrativo do TSXG en relación cos proxectos eólicos. Nunca escalada de ataques verbais sen precedentes, mesmo chegaron a ameazar con “tomar medidas”.

Estas declaracións irresponsábeis constitúen unha mostra máis da falta de talante democrático e da deriva autoritaria da Xunta gobernada polo PP. Supoñen unha intromisión moi grave do poder executivo nas decisións do poder xudicial e forman parte dunha campaña organizada de presión, chantaxe e amedrentamento contra o máximo tribunal galego polas súas decisións en relación coa tramitación dos proxectos eólicos.

Cabe sinalar que as decisións do TSXG que suspenden cautelarmente a tramitación de proxectos de parques eólicos responden a criterios xurídicos e teñen como obxectivo garantir o principio de precaución en materia ambiental e evitar danos significativos e irreversíbeis ao medio natural e á biodiversidade.

Esta situación trae causa da xudicialización dos proxectos eólicos, xa que a xustiza é a única vía que queda para a cidadanía diante dunha regulación e un desenvolvemento abrupto, abusivo, carente de planificación e sen garantías. Os continuos cambios regulatorios, feitos a medida dos intereses das empresas promotoras e que en

Asinado o día 13/11/2025 ás 11:09
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 13/11/2025 ás 11:09
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 11:10:46
Nº Rexistro: 38720
Data envio: 13/11/2025 11:10:46.142

moitos casos obedecen a unha clara intención de burlar as decisións dos tribunais de xustiza, xeran unha situación de improvisación e inseguridade xurídica.

Cómpre ter en conta que as decisións xudiciais contrarias á planificación e o desenvolvemento dos proxectos de enerxías renovábeis non son unha rareza no panorama estatal e europeo. Son habituais polo choque de intereses entre as grandes empresas promotoras e unha cidadanía que se sente agredida e que se organiza para defenderse. En todo caso en Galiza dáse unha situación específica polo aliñamento do goberno do PP cos intereses das grandes empresas enerxéticas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai a Xunta continuar cos ataques ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza?

Ten previsto o goberno galego respectar as resolucións xudiciais relacionadas co sector eólico?

Vai o goberno galego garantir un proceso de desenvolvemento das enerxías renovábeis ordenado, planificado, garantista e respectuoso co medio e coas persoas que viven no territorio afectado polos proxectos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 11:10:46
Nº Rexistro: 38720
Data envio: 13/11/2025 11:10:46.142

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 13/11/2025 11:09:01**

**José Manuel Golpe Acuña na data 13/11/2025 11:09:12**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/11/2025 11:09:19**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 11:10:46
Nº Rexistro: 38720
Data envío: 13/11/2025 11:10:46.142

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 11:10:46**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 12:29:52
Nº Rexistro: 38726
Data envio: 13/11/2025 12:29:52.016

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por Brais Ruanova Vilas-Boas
Asinado o día 13/11/2 12:25
Por Montserrat Valcár
Por Ariadna Fernández González
Asinado o día 13/11/2025 ás 12:25
Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 13/11/2025 ás 12:24
Por Luis Bará Torres
CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Brais Ruanova Vilas-Boas, Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o proxecto de Altri na Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos tres anos desde a declaración como Proxecto Industrial Estratéxico, o tempo veu demostrar o erro que supuxo apostar por unha proposta industrial do pasado, con un forte impacto negativo no territorio, no medio, en sectores económicos estratéxicos e na calidade de vida da contorna.

Trátase -como se recolle na documentación feita pública en marzo de 2024- dun proxecto industrial de enclave, que incentiva aínda máis a plantación de eucalipto e que tería graves repercusións no río Ulla e na ría de Arousa, a máis produtiva de Galiza.

Por moito que a pretendan pintar de verde e camuflar con pantallas vexetais, este proxecto industrial tería tamén un forte impacto visual e paisaxístico no Camiño de Santiago. E mesmo podería poñer en risco o recoñecemento do Camiño como Patrimonio da Humanidade.

Diversos sectores da sociedade galega (empresas, movementos sociais, entidades ecoloxistas, profesorado da universidade ou o Consello da Cultura Galega) manifestaron o rexeitamento a un proxecto que non responde ás necesidades e aos intereses do país. As multitudinarias manifestacións que tiveron lugar no último ano e medio en Palas de Rei,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 12:29:52
Nº Rexistro: 38726
Data envio: 13/11/2025 12:29:52.016

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela e A Pobra do Caramiñal foron un exemplo de responsabilidade, pluralismo e defensa do interese xeral.

A decisión do goberno central de non aprobar a subestación necesaria para a conexión do complexo industrial á rede eléctrica e a imposibilidade de acceder ao financiamento con fondos europeos supoñen atrancos para o desenvolvemento do proxecto, que vén de recibiu un novo varapau coa denegación de fondos europeos para innovación que si recibiron outras iniciativas industriais.

Mais o certo é que a súa continuidade está nas mans da Xunta do PP, que aínda ten pendente a concesión de augas no encoro de Portodemouros e a autorización ambiental integrada. Con respecto á concesión de augas, resulta manifestamente incompatíbel coa normativa hidrolóxica e coa evidencia da frecuencia e intensidade dos períodos de seca e escaseza de auga, como se puido comprobar o pasado verán coa alarmante baixada do nivel da auga de Portodemouros e do caudal do río Ulla na zona prevista para o vertido.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai seguir apoiando a Xunta o proxecto industrial de Altri na Ulloa?

Defende a Xunta a financiación desta industria de enclave con 250 millóns de fondos europeos?

Vai autorizar a Xunta a concesión de auga a Altri diante da evidencia da frecuencia e intensidade dos períodos de seca e da diminución do caudal do río Ulla durante a época estival?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 12:29:52
Nº Rexistro: 38726
Data envío: 13/11/2025 12:29:52.016

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 13/11/2025 12:24:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/11/2025 12:25:01**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/11/2025 12:25:08**

**Iria Carreira Pazos na data 13/11/2025 12:25:15**

**Ariadna Fernández González na data 13/11/2025 12:25:21**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/11/2025 12:25:29**

**Rosana Pérez Fernández na data 13/11/2025 12:25:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/11/2025 12:25:45**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 12:29:52
Nº Rexistro: 38726
Data envio: 13/11/2025 12:29:52.016

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 12:29:52**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 12:54:55
Nº Rexistro: 38731
Data envío: 13/11/2025 12:54:55.520

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do centro de saúde de Ferreira de Pantón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde do concello de Pantón, situado na súa capitalidade (Ferreira), vén sufrindo dunha preocupante falta de médicos desde hai varios anos. Tal e como o BNG denuncia desde hai tempo, neste cetro de saúde non se cobren as baixas laborais das e dos profesionais nin os permisos facultativos, algo que provocou que, en boa parte do inverno, só haxa un facultativo atendendo a poboación do concello. Isto é especialmente grave tendo en conta o avellentamento que se vive no sur de Lugo e máis concretamente no concello de Pantón.

Ademais, durante os meses do inverno, cando hai máis posibilidades de contraer doenzas como gripes, é fundamental que os centros de saúde de zonas como o sur de Lugo estean en pleno funcionamento. E, mentres tanto, desde as administracións competentes na materia anúnciase con grande intensidade a construción dun novo centro médico, ao tempo que o actual está cun só profesional para atender a poboación pantonesa que consta de 2.400 habitantes aproximadamente.

O desmantelamento do Sergas e da nosa sanidade pública faise evidente con feitos como estes, non se trata de alarmismo nin falsidades; é a realidade dunha poboación que vive en zonas castigadas e deprimidas demograficamente e que, por tanto, sofre unha falta de servizos moi acentuada que deriva nunha peor calidade de vida. O que a veciñanza de

Asinado o día 13/11/2025 ás 12:53
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 13/11/2025 ás 12:52
Por Iago Suárez Fernández

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 12:54:55
Nº Rexistro: 38731
Data envio: 13/11/2025 12:54:55.520

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Pantón reclama é un mellor trato por parte da Xunta de Galiza, non piden vivir mellor que ninguén, piden servizos.

Ante esta situación, desde o Grupo Parlamentar do BNG só podemos reclamar, como vimos facendo, a cobertura da segunda praza de médico no centro de saúde de Ferreira de Pantón en todo momento. Só así se poderá garantir unha atención adecuada para as e os habitantes deste concello.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Coñece a Xunta de Galiza a situación en que se encontra o Centro de Saúde de Pantón?

- Pensa que é suficiente que haxa un só profesional neste centro de saúde?

- Está en disposición a Xunta de cubrir a segunda praza de médico durante todo o ano?

- Pensa o Goberno galego que está a cumprir en materia sanitaria coa poboación pantonesa?

- Que resposta dá á veciñanza que reclama unha mellor atención sanitaria por parte da Consellaría de Sanidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 12:54:55
Nº Rexistro: 38731
Data envio: 13/11/2025 12:54:55.520

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 13/11/2025 12:52:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/11/2025 12:53:02**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 12:54:55
Nº Rexistro: 38731
Data envio: 13/11/2025 12:54:55.520

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 12:54:56**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:16:00
Nº Rexistro: 38737
Data envio: 13/11/2025 13:16:00.758

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 1ª.**

A actualización dos protocolos de actuación ante alertas meteorolóxicas aprobada pola Xunta de Galicia no ano 2025 prevé, entre outras medidas, a suspensión automática da actividade deportiva federada e do Programa XOGADE en determinados supostos —especialmente en situacións de alerta vermella e nalgúns casos de alerta laranxa— sen que conste unha consulta sistemática e previa co conxunto das federacións deportivas galegas.

Unha vez máis, o Goberno de Alfonso Rueda actúa con improvisación e falta de diálogo**,** elaborando un protocolo sen consensuar co sector deportivo nin coa súa representación a través das federacións. Esta norma elaborouse con présa, nun intento de branquear e distanciarse politicamente da falta de responsabilidade mostrada polo Goberno valenciano nalgúns episodios meteorolóxicos recentes, mais sen un estudo técnico detido nin unha avaliación dos efectos prexudiciais que pode provocar en determinados deportes e modalidades.

Cómpre lembrar que as alertas meteorolóxicas constitúen predicións, non equivalentes necesariamente ao risco real existente no lugar e franxa horaria das actividades afectadas. Un sistema automático pode dar lugar tanto a falsos positivos (cancelacións innecesarias) como a falsos negativos (ausencia de alerta formal pese á existencia dun risco efectivo). O sistema federado xa dispón de procedementos operativos en tempo real —a través da figura do/de a delegado/a de seguridade, do comité de competición ou da dirección técnica—

Asinado o día 13/11/2025 ás 13:13
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 13/11/2025 ás 13:13
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que permiten adaptar, reubicar, aprazar ou cancelar as actividades segundo as condicións meteorolóxicas efectivas no momento.

A aplicación exclusiva deste protocolo ao ámbito federado provoca, ademais, unha diferenza de trato con respecto a practicantes non federados que realizan as mesmas actividades, polo que resulta necesario un deseño máis proporcionado, técnico e coordinado co réxime xeral de protección civil, para os supostos nos que sexan precisas medidas de carácter xeral.

Por todo iso, cómpre revisar o protocolo vixente e substituír o esquema de suspensión automática por un modelo máis equilibrado, que teña en conta a realidade operativa das federacións e clubs, a diversidade das disciplinas deportivas e a necesidade de garantir tanto a seguridade coma a continuidade razoable da práctica deportiva en Galicia.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas

1. Ten previsto o Goberno galego abrir un proceso de diálogo real coas federacións deportivas, clubs e representantes do deporte galego, para revisar o protocolo de actuación ante alertas meteorolóxicas aprobado pola Xunta en 2025, tendo en conta que se elaborou sen consulta nin participación efectiva do sector afectado?

2. Considera o Goberno da Xunta proporcionado o sistema actual de suspensión automática das competicións e actividades deportivas federadas ante a mera existencia dunha alerta meteorolóxica, sen avaliación do risco real no lugar e hora da actividade, e sen distinguir entre deportes, instalacións ou condicións específicas?

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:16:00
Nº Rexistro: 38737
Data envio: 13/11/2025 13:16:00.758

3. Pode explicar cal foi o proceso de elaboración e xustificación técnica do novo protocolo de actuación ante alertas meteorolóxicas, e se valorou o prexuízo que podía causar a algunhas prácticas deportivas?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:16:00
Nº Rexistro: 38737
Data envio: 13/11/2025 13:16:00.758

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 13/11/2025 13:13:37**

**Patricia Iglesias Rey na data 13/11/2025 13:13:49**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:16:00
Nº Rexistro: 38737
Data envio: 13/11/2025 13:16:00.758

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 13:16:01**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:28:39
Nº Rexistro: 38742
Data envio: 13/11/2025 13:28:39.300

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 13/11/2 13:26
Por Cristina Fernánde

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña, Cristina Fernández Davila** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a compatibilidade dos proxectos eólicos coa protección da paisaxe.

Asinado o día 13/11/2025 ás 13:26
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto de Estudos do Territorio emitiu sucesivos informes na tramitación da Declaración de Impacto Ambiental do proxecto eólico Puza (retramitado como Hedreira). Nestes informes, que foron determinantes para a DIA desfavorábel, sinálase o seguinte:

*"os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suído, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suído, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante* ningunha medida correctora".

Asinado o día 13/11/2025 ás 13:26
Por Luis Bará Torres

Na actualidade están en tramitación diversos proxectos eólicos (Greco, Carballoso, Hedreira, Edreira I, ampliación de Edreira l, Coto de Eiras, coas súas infraestruturas asociadas) que causarían un impacto visual crítico na AEIP Serra do Suído.

Por outra parte, a Xunta está a tramitar mediante a lei de acompañamento dos orzamentos para 2026 unha modificación da lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galiza, con seguinte contido:



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

*Engádese unha disposición adicional á Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, coa seguinte redacción:*

*«Disposición adicional. Interese público superior dos parques eólicos e das súas infraestruturas de evacuación en relación coa normativa de protección da paisaxe 1. A declaración do interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación, efectuada polo artigo 35 da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, atendendo á finalidade recollida no artigo 34 da indicada lei, relativa á promoción do despregamento da enerxía eólica como enerxía renovable en Galicia, producirá os efectos previstos nesta disposición en relación coa normativa de protección da paisaxe.*

***2. A declaración do interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación, atendendo ás finalidades en que se basea, terase en conta como un elemento de singular relevancia ao ponderar os intereses xurídicos de cada caso na emisión dos informes de impacto e integración paisaxística previstos na normativa de desenvolvemento desta lei, así como nos procedementos de avaliación ambiental necesarios para a autorización dos proxectos nos que se valore esta integración paisaxística, de tal modo que se dea prioridade á construción e explotación dos parques e ao desenvolvemento das súas infraestruturas de evacuación.***

*3. Considerarase que a instalación de parques eólicos é compatible cos obxectivos de calidade paisaxística recollidos nas Directrices de paisaxe de Galicia.* ***Só se considerará a existencia de impactos paisaxísticos críticos nos casos excepcionais nos que a instalación de aeroxeradores en áreas de especial interese paisaxístico produza unha perda permanente da calidade das condicións ambientais, sen posible***



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:28:39
Nº Rexistro: 38742
Data envio: 13/11/2025 13:28:39.300

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

***recuperación tras o cesamento da actividade, incluso coa adopción de medidas protectoras ou correctoras.***

*4. Os proxectos mediante os cales se materialicen os parques eólicos atenderán ás seguintes directrices, sen prexuízo doutras recollidas nas Directrices de Paisaxe de Galicia:*

*a) O deseño dos parques eólicos terá en conta os resultados do estudo de impacto e integración paisaxística, que, ademais dos contidos establecidos nesta lei, incluirá un estudo dos tipos de paisaxe en que se sitúan, dos tipos de valores paisaxísticos existentes (naturais ou ecolóxicos, culturais ou patrimoniais, estéticos ou panorámicos e de uso) e o cálculo da súa bacía visual, analizando os tipos de paisaxes, os valores paisaxísticos e os lugares de especial interese paisaxístico existentes nela, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia. Os resultados desta análise servirán para a cuantificación do impacto visual do parque eólico e a súa repercusión nos tipos e valores paisaxísticos.*

*b) Na avaliación dos proxectos eólicos terase en consideración a bacía visual que xere o conxunto do parque, tendo en conta tamén unha estimación do número potencial de observadores a partir da poboación dos asentamentos.*

*c) Procurarase a adopción das medidas que permitan reducir ou mitigar o impacto visual, sempre que sexan técnica e economicamente viables, e que non condicionen a funcionalidade da actuación, tendo en conta en todo caso a propia natureza destas instalacións, que fan moi difícil a completa redución ou mitigación do impacto.*

*Neste sentido, só será esixible a supresión ou cambio da posición dun aeroxerador por razóns do seu impacto visual, e cando existan outras solucións que cumpran as condicións sinaladas, no suposto de que estea situado dentro de Áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), ou a menos de 1000 metros dun miradoiro*



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:28:39
Nº Rexistro: 38742
Data envío: 13/11/2025 13:28:39.300

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

*recoñecido no Catálogo das paisaxes de Galicia, e na dirección das vistas panorámicas dominantes ou de maior interese.*

*d) O deseño do parque asegurará a maior compatibilidade posible coas masas forestais ou de mato de alto valor ecolóxico existentes e cos usos agropecuarios e forestais que se desenvolven na zona. Por outra banda, garantirase a revexetación de todas as superficies denudadas en que sexa viable o mantemento da vexetación implantada durante un mínimo de dous anos con patróns de plantación similares ás formacións presentes na contorna e propias da paisaxe da zona.*

*e) A execución das plataformas minimizará a alteración da topografía e, unha vez instalado o aeroxerador, restaurarase a vexetación afectada.*

*f) Debe minimizarse a eliminación de cobertoira vexetal. Calquera plantación que se efectúe para naturalizar noiros, formar sebes e recuperar cobertoiras de camiños ou plataformas, debe realizarse con especies arbóreas, arbustivas e herbáceas propias do lugar, dispoñéndoas dun modo semellante ao natural.*

*g) Todas as escavacións e recheos irán precedidos por unha coidadosa retirada da cobertoira vexetal, para o seu posterior uso na restauración. Na restauración paisaxística reutilizarase esta terra vexetal para cubrir mediante unha camada os desmontes e terrapléns, sempre que a pendente o permita, garantindo o correcto tratamento de materiais sobrantes e a procedencia autorizada dos solos de achega.*

*h) Agás no caso da subestación, evitaranse os cerramentos ou valados, pero se estiveren xustificadamente necesarios, resolveranse mediante sistemas o máis diáfanos posibles e, de ser o caso, congruentes cos tipos de cerramentos existentes na contorna.*

*i) As liñas colectoras internas que conducen á subestación serán sempre soterradas,*



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:28:39
Nº Rexistro: 38742
Data envio: 13/11/2025 13:28:39.300

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

*salvo que non sexa posible por outras afeccións sectoriais ou ambientais.»*

Resulta clara a intención desta nova disposición adicional da Lei /2008 no sentido de minusvalorar a protección da paisaxe e facer prevalecer os intereses dos proxectos eólicos. Mesmo poderíamos concluír que a intención deste cambio legal é desprotexer a Serra do Suído, de maneira que a súa condición de Área de Especial Interese Paisaxístico non sexa obstáculo para a súa aprobación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

A que intereses obedece a desprotección da paisaxe que promove o goberno da Xunta do PP?

Considera a Xunta que os parques eólicos son elementos que integran de maneira positiva a paisaxe galega?

Vai a Xunta informar favorabelmente os proxectos actualmente en tramitación que afectan a áreas con especiais valores paisaxísticos?

Vai a Xunta informar favorabelmente os proxectos eólicos actualmente en tramitación que afectan á Área de Especial Interese Paisaxístico Serra do Suido?

Vai o goberno galego a ter en conta os efectos acumulativos e sinérxicos á hora de avaliar o impacto pasiaxístico dos proxectos eólicos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:28:39
Nº Rexistro: 38742
Data envio: 13/11/2025 13:28:39.300

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 13/11/2025 13:26:04**

**José Manuel Golpe Acuña na data 13/11/2025 13:26:18**

**Cristina Fernández Davila na data 13/11/2025 13:26:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/11/2025 13:26:36**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:28:39
Nº Rexistro: 38742
Data envio: 13/11/2025 13:28:39.300

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 13:28:39**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:30:10
Nº Rexistro: 38746
Data envio: 13/11/2025 13:30:10.015

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 13/11/2 13:26
Por Paulo Ríos Santo

**Á Mesa do Parlamento**

**Saleta Chao Rivas**, **Mercedes Queixas Zas**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao Bosque do Banquete de Conxo e ao proxecto da senda ciclista e peonil entre o Milladoiro e a Estación Intermodal Daniel Castelao de Santiago de Compostela.

Asinado o día 13/11/2025 ás 13:26
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto da senda ciclista e peonil entre o Milladoiro e a Estación Intermodal Daniel Castelao de Santiago de Compostela, ou Eixo de mobilidade sostible Milladoiro-Santiago, foi obxecto de alegacións por parte do Concello e distintas entidades sociais e veciñais desde os seus inicios respecto do seu paso polo Bosque do Banquete de Conxo.

As obras que tiña previsto executar a Xunta de Galiza afectaban o conxunto do Mosteiro de Conxo, un BIC que está incluído na lista do Patrimonio Mundial da UNESCO. Finalmente, e tras unha resolución desfavorable da propia Xunta de Galiza, neste caso da Dirección Xeral de Patrimonio de maio de 2025, o Goberno galego decidiu "suspender" ese tramo da senda.

Asinado o día 13/11/2025 ás 13:26
Por Saleta Chao Rivas

Para alén de que o a proposta fose informada desfavorablemente en informes técnicos da propia administración impulsora do proxecto, a decisión de deixar en suspenso un tramo do trazado tivo consecuencias aínda palpables 6 meses despois, debido ao avance dos traballos no terreo que foran acometidos antes de tomar esta decisión.

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:30:10
Nº Rexistro: 38746
Data envío: 13/11/2025 13:30:10.015

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O punto 10.4 das cláusulas administrativas que rexeron a contratación desta actuación establece que "as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas volverán a restituírse a súa situación inicial antes da recepción destas".

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Que variacións técnicas se produciron no proxecto tras a suspensión do tramo e supuxo iso a necesidade de modificar o contrato de execución da obra? En que medida?

- En que medida afectou a suspensión deste tramo á dotación orzamentaria do proxecto?

- Destinou a Xunta de Galiza o orzamento sobrante dos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia como resultado da suspensión deste tramo a outros proxectos?

- Ten previsto a Xunta de Galiza restituír a situación inicial das zonas afectadas sobre as que finalmente non se desenvolveu o trazado da senda?

- En que prazo ten previsto a Xunta de Galiza acometer estas actuacións para devolver a zona afectada á situación orixinal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:30:10
Nº Rexistro: 38746
Data envio: 13/11/2025 13:30:10.015

**Asinado dixitalmente por:**

**Saleta Chao Rivas na data 13/11/2025 13:26:14**

**Mercedes Queixas Zas na data 13/11/2025 13:26:21**

**Paulo Ríos Santomé na data 13/11/2025 13:26:31**

**Luis Bará Torres na data 13/11/2025 13:26:39**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:30:10
Nº Rexistro: 38746
Data envio: 13/11/2025 13:30:10.015

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 13:30:10

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:54:43
Nº Rexistro: 38751
Data envio: 13/11/2025 13:54:43.643

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o anuncio da Universidad Intercontinental de la Empresa de impartir os graos de Biomedicina, Fisioterapia médica e deportiva e o Mestrado habilitante de Psicoloxía Clínica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O camiño cara a privatización das universidades galegas leva anos acelerándose cos sucesivos gobernos do Partido Popular de Galicia. Pese a esta realidade, podemos observar como nos últimos dous anos a ofensiva privatizadora aumentou considerablemente.

Esta ofensiva vímola nos graos da UIE de Dereito, de Psicoloxía ou de Enfermería, graos que a pesar de non cumprir os criterios de duplicidade tiveron a alfombra vermella por parte da Xunta de Galiza.

Ao mesmo tempo, a proposta da Universidade CESUGA Emilia Pardo Bazán segue enriba da mesa, supoñendo unha nova ameaza á igualdade do alumnado e á igualdade de oportunidades que si que ofrece a universidade pública.

Por se isto fose pouco, recentemente soubemos a través dos medios que a propia UIE, da man de HM Hospitales, está decidida a aumentar a súa oferta privada cos graos de Biomedicina, Fisioterapia médica e deportiva e o Mestrado habilitante de Psicoloxía Clínica.

Asinado o día 13/11/2025 ás 13:53
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 13/11/2025 ás 13:53
Por Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ademais, esta noticia aparece no medio dun debate que segue aberto sobre a disposición que debe ter a oferta pública do grao de Medicina. Do mesmo xeito, o grao de Fisioterapia na privada ofertaríase a pesar de que haxa xa dous graos no sistema público de universidades de Galiza, xerándose así unha evidente duplicidade.

Pola súa banda, é paradigmático que cando se vén denunciando constantemente a ausencia de prazas públicas nos mestrados habilitantes, por parte do goberno galego se siga facilitando a entrada de novas prazas privadas, neste caso no Mestrado habilitante de Psicoloxía Clínica.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai a Xunta de Galiza autorizar os graos privados de Biomedicina, Fisioterapia médica e deportiva e o Mestrado habilitante de Psicoloxía Clínica ofertados pola Universidad Intercontinental de la Empresa?

- Considera a Xunta de Galiza que a oferta destes graos e mestrado cumpren os criterios da Lei Galega de Universidades?

- Considera a Xunta de Galiza que estes graos e mestrado favorecen a igualdade de oportunidades do alumnado galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:54:43
Nº Rexistro: 38751
Data envio: 13/11/2025 13:54:43.643

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/11/2025 13:53:19

Mercedes Queixas Zas na data 13/11/2025 13:53:26

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 13:54:43
Nº Rexistro: 38751
Data envio: 13/11/2025 13:54:43.643

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 13:54:44

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:38:12
Nº Rexistro: 38760
Data envio: 13/11/2025 16:38:12.127



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Concello de Oroso precisa dunha nova residencia de maiores que dea resposta á crecente demanda asistencial do municipio. Galicia é unha das comunidades máis envellecidas de Europa, e iso esixe que as administracións públicas dean unha resposta á altura, reforzando a rede de servizos sociais e garantindo que todas as persoas poidan envellecer con dignidade, atención e dereitos plenos.

A construción dunha residencia pública en Oroso suporía un paso fundamental para garantir o coidado dos nosos maiores en condicións dignas, con atención profesionalizada e de calidade, evitando que teñan que desprazarse a outros concellos para acceder a prazas residenciais. Ademais, esta infraestrutura permitiría crear emprego estable e especializado, contribuíndo á dinamización económica e social do territorio.

O Grupo Municipal Socialista de Oroso levou ao Pleno unha moción instando ao Concello a ofrecer á Xunta de Galicia a cesión dos terreos necesarios para a construción desta residencia. Con esta iniciativa, o PSdeG amosou a súa vontade de colaboración institucional e o seu compromiso coa política social, poñendo por diante as necesidades das persoas maiores e das súas familias fronte á pasividade do Goberno galego e tamén do municipal.

A posta en marcha dunha residencia pública non só é unha cuestión de servizo, senón de xustiza social: recoñecer a quen contribuíu ao progreso da nosa terra a

Asinado o día 13/11/2025 ás 16:30
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 13/11/2025 ás 16:30
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posibilidade de recibir coidados próximos, personalizados e dignos. Porén, a Xunta de Galicia non ten concretado ata o momento ningunha actuación nin consignado partidas orzamentarias para avanzar neste proxecto, deixando sen resposta unha demanda social lexítima e urxente.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto o Goberno galego construír unha nova residencia de maiores no concello de Oroso?
2. Prevese que a futura residencia sexa de titularidade e xestión pública directa por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:38:12
Nº Rexistro: 38760
Data envio: 13/11/2025 16:38:12.127

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 13/11/2025 16:30:35**

**Silvia Longueira Castro na data 13/11/2025 16:30:40**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:38:12
Nº Rexistro: 38760
Data envío: 13/11/2025 16:38:12.127

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 16:38:12**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:39:06
Nº Rexistro: 38763
Data envio: 13/11/2025 16:39:06.462



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

O Concello de Oroso precisa dunha nova residencia de maiores que dea resposta á crecente demanda asistencial do municipio. Galicia é unha das comunidades máis envellecidas de Europa, e iso esixe que as administracións públicas dean unha resposta á altura, reforzando a rede de servizos sociais e garantindo que todas as persoas poidan envellecer con dignidade, atención e dereitos plenos.

A construción dunha residencia pública en Oroso suporía un paso fundamental para garantir o coidado dos nosos maiores en condicións dignas, con atención profesionalizada e de calidade, evitando que teñan que desprazarse a outros concellos para acceder a prazas residenciais. Ademais, esta infraestrutura permitiría crear emprego estable e especializado, contribuíndo á dinamización económica e social do territorio.

O Grupo Municipal Socialista de Oroso levou ao Pleno unha moción instando ao Concello a ofrecer á Xunta de Galicia a cesión dos terreos necesarios para a construción desta residencia. Con esta iniciativa, o PSdeG amosou a súa vontade de colaboración institucional e o seu compromiso coa política social, poñendo por diante as necesidades das persoas maiores e das súas familias fronte á pasividade do Goberno galego e tamén do municipal.

A posta en marcha dunha residencia pública non só é unha cuestión de servizo, senón de xustiza social: recoñecer a quen contribuíu ao progreso da nosa terra a

Asinado o día 13/11/2025 ás 16:30
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 13/11/2025 ás 16:30
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posibilidade de recibir coidados próximos, personalizados e dignos. Porén, a Xunta de Galicia non ten concretado ata o momento ningunha actuación nin consignado partidas orzamentarias para avanzar neste proxecto, deixando sen resposta unha demanda social lexítima e urxente.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio unha dotación específica destinada á construción da nova residencia de maiores no concello de Oroso?

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:39:06
Nº Rexistro: 38763
Data envio: 13/11/2025 16:39:06.462

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 13/11/2025 16:30:48**

**Silvia Longueira Castro na data 13/11/2025 16:30:54**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:39:06
Nº Rexistro: 38763
Data envio: 13/11/2025 16:39:06.462

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 16:39:07

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:39:19
Nº Rexistro: 38764
Data envío: 13/11/2025 16:39:19.785

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Concello de Oroso precisa dunha nova residencia de maiores que dea resposta á crecente demanda asistencial do municipio. Galicia é unha das comunidades máis envellecidas de Europa, e iso esixe que as administracións públicas dean unha resposta á altura, reforzando a rede de servizos sociais e garantindo que todas as persoas poidan envellecer con dignidade, atención e dereitos plenos.

A construción dunha residencia pública en Oroso suporía un paso fundamental para garantir o coidado dos nosos maiores en condicións dignas, con atención profesionalizada e de calidade, evitando que teñan que desprazarse a outros concellos para acceder a prazas residenciais. Ademais, esta infraestrutura permitiría crear emprego estable e especializado, contribuíndo á dinamización económica e social do territorio.

O Grupo Municipal Socialista de Oroso levou ao Pleno unha moción instando ao Concello a ofrecer á Xunta de Galicia a cesión dos terreos necesarios para a construción desta residencia. Con esta iniciativa, o PSdeG amosou a súa vontade de colaboración institucional e o seu compromiso coa política social, poñendo por diante as necesidades das persoas maiores e das súas familias fronte á pasividade do Goberno galego e tamén do municipal.

A posta en marcha dunha residencia pública non só é unha cuestión de servizo, senón de xustiza social: recoñecer a quen contribuíu ao progreso da nosa terra a

Asinado o día 13/11/2025 ás 16:31
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 13/11/2025 ás 16:31
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posibilidade de recibir coidados próximos, personalizados e dignos. Porén, a Xunta de Galicia non ten concretado ata o momento ningunha actuación nin consignado partidas orzamentarias para avanzar neste proxecto, deixando sen resposta unha demanda social lexítima e urxente.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio unha dotación específica destinada á construción da nova residencia de maiores no concello de Oroso?

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:39:19
Nº Rexistro: 38764
Data envio: 13/11/2025 16:39:19.785

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 13/11/2025 16:31:02**

**Silvia Longueira Castro na data 13/11/2025 16:31:08**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 16:39:20**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:43:12
Nº Rexistro: 38767
Data envio: 13/11/2025 16:43:12.123

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Saleta Chao Rivas** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre da falta de profesorado especialista e persoal de apoio no CEIP Monte dos Postes de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes, en Santiago de Compostela, iniciou o curso 2025/2026 reclamando máis profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe, e tamén persoal coidador, mesmo convocando unha mobilización o primeiro día de curso escolar que xuntou a representantes do profesorado e familias e alumnado ás portas do colexio.

O centro conta cunha dotación de profesorado especialista insuficiente para atender as necesidades de apoio do alumnado, xa que actualmente conta con praza e media de pedagoxía terapéutica compartida con outro centro educativo e cunha soa especialista de audición e linguaxe, dotación que non se adapta ao número de alumnado con necesidade de apoio educativo no centro.

Pasados dous meses desde esa mobilización, a ANPA mantivo unha xuntanza co servizo de inspección da Consellería de Educación na que indican que se reiterou a negativa da administración educativa a dotar o centro dos recursos que veñen demandando, polo que a dotación de profesorado especialista e de persoal coidador neste centro continúa a ser insuficiente para atender as necesidades de apoio educativo do alumnado.

Asinado o día 13/11/2025 ás 16:42
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 13/11/2025 ás 16:42
Por Saleta Chao Rivas

CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verficación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:43:12
Nº Rexistro: 38767
Data envio: 13/11/2025 16:43:12.123

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes reclama que se aumente con carácter urxente o número de profesionais especialistas en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe, así como do persoal coidador, para garantir unha atención educativa adecuada o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera a Consellería de Educación que a dotación de profesorado especialista e persoal coidador no CEIP Monte dos Postes é suficiente para atender as necesidades de atención educativa do alumnado?

- Cantas prazas de persoal especialista en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe son necesarias para atender as necesidades de apoio do alumnado das que teñen coñecemento?

- Que ratio de alumnado con necesidades de apoio atende cada unha das profesionais coas que conta o centro?

- Cantas comunicacións recibiu a Consellería por parte da comunidade educativa do centro e cal foi a resposta que se lles trasladou?

- Ten previsto a Xunta de Galiza reforzar o profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe no CEIP Monte dos Postes no curso 2025/2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:43:12
Nº Rexistro: 38767
Data envio: 13/11/2025 16:43:12.123

**Asinado dixitalmente por:**

**Saleta Chao Rivas na data 13/11/2025 16:42:30**

**Cristina Fernández Davila na data 13/11/2025 16:42:36**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 16:43:12
Nº Rexistro: 38767
Data envio: 13/11/2025 16:43:12.123

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 16:43:12**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 17:10:55
Nº Rexistro: 38776
Data envio: 13/11/2025 17:10:55.388

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 13/11/2 17:06
Por Olalla Rodil Ferná

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Olalla Rodil Fernández,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade dunha residencia con centro de día no Concello de Cariño.

Asinado o día 13/11/2025 ás 17:06
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Cariño pechou o ano 2024 con 3.692 habitantes dos que 1.329 tiñan máis de 65 anos, o que representa o 36% da poboación, 10 puntos por enriba da media galega, e non dispón de ningunha praza en residencias de maiores nin en centros de día.

A posibilidade de acceder e estes recursos nos concellos do Ortegal ou próximos é máis que remota, limitándose a 12 prazas de carácter privado nun centro de día no Concello de Cedeira.

O número de prazas en centros de día ou residencias dos concellos da contorna é o seguinte:

Centros de día. Cedeira, centro “Lembranzas de Cedeira” de iniciativa privada e con ánimo de lucro. Ten 34 prazas, 12 dispoñíbeis. Ortigueira, centro de día do Consorcio Galego, 10 prazas e 0 dispoñíbeis. San Sadurniño, centro de día do Consorcio Galego, 40 prazas e 8 dispoñíbeis, mais con lista de espera para entrar.

Asinado o día 13/11/2025 ás 17:06
Por Ramón Fernández Alfonzo

Residencias. San Sadurniño, centro privado con ánimo de lucro, 39 prazas e 0 dispoñíbeis. Moeche, “O casón”, centro privado con ánimo de lucro, 32 prazas e 0 dispoñíbeis. Ortigueira, residencia do Consorcio Galego, 50 prazas e 0 dispoñíbeis.

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 17:10:55
Nº Rexistro: 38776
Data envio: 13/11/2025 17:10:55.388

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por causa desta situación, tanto demográfica como de carencia de recursos para atender ás persoas maiores, o propio Concello de Cariño no ano 2006 promoveu a construción dun edificio chamado a acoller unha residencia con 21 habitacións e un centro de día para 42 persoas.

Mais a liquidación da empresa construtora antes do remate das obras provocou a súa paralización e o comezo dunha odisea que deu como resultado que aínda na actualidade o edificio non estea en condicións de albergar uns recursos a cada paso máis necesarios.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Coñece a Xunta de Galiza a situación demográfica do Concello de Cariño?

2. Coñece a Xunta de Galiza a falta de recursos para atender ás persoas maiores das que adoece tanto o Concello de Cariño como os concellos da contorna?

3. Coñece a Xunta de Galiza o proxecto promovido no ano 2006 polo Concello de Cariño para prestar os servizos de residencia e centro de día e o seu estado actual?

4. Por que non ten ofrecido a Xunta de Galiza a súa axuda para resolver os problemas económicos e de xestión para que estes necesarios servizos cheguen a poñerse en funcionamento sen máis demoras?

5. Ten pensado a Xunta de Galiza asumir a finalización das obras e a xestión da residencia e centro de día en réxime de prazas públicas subvencionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?



CSV: BOPGDSPG-6LlhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 17:10:55
Nº Rexistro: 38776
Data envio: 13/11/2025 17:10:55.388

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/11/2025 17:06:16
José Manuel Golpe Acuña na data 13/11/2025 17:06:26
Olalla Rodil Fernández na data 13/11/2025 17:06:33

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 17:10:55
Nº Rexistro: 38776
Data envio: 13/11/2025 17:10:55.388

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 17:10:55**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 17:48:39
Nº Rexistro: 38779
Data envio: 13/11/2025 17:48:39.724

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o fracaso do actual Pacto de vivenda de Galiza 2021-2025 en materia de vivenda protexida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos publicados polo IGE a construción de vivenda protexida en Galiza mostra signos preocupantes de parálise a pesar de estarmos atravesando unha situación de crise que esixiría un impulso notable destas políticas. Para 2024 o Instituto recolle que o total de vivendas protexidas terminadas foi de apenas 5 en todo Galiza. Só nos anos 2015 e 2019 se acadaran peores cifras, con apenas 2 e 4 vivendas protexidas terminadas respectivamente. Estas cifras contrastan coas 3.774 que se terminaban no 2007 ou as 2.758 rematadas en 2008.

A pesar de que o número de vivendas protexidas iniciadas no 2024 é algo superior, con 169 unidades, non deixan de ser cifras ridículas no actual contexto. Se ademais analizamos esta cifra en relación coa evolución nos últimos anos vemos como en 2020 se iniciaran 326, en 2021 foron 299, en 2022 263 e en 2023 foron apenas 129. Por tanto en lugar de existir unha tendencia á alza para adecuarse ante un problema cada vez maior no acceso á vivenda, vemos un estancamento, cando non retroceso en cifras ridículas para a dimensión do problema ou se o comparamos coa dinámica previa á entrada no goberno do PP.

Asinado o día 13/11/2025 ás 17:47
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 13/11/2025 ás 17:47
Por Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Estas cifras mostran ademais unha realidade totalmente distinta á que transmite a Xunta de Galiza nos seus actos declarativos e performativos, onde parecera que se alcanzan cifras récords e onde tratan de transmitir á opinión pública a idea de que existe un dinamismo crecente. A ilusión e a propagando baten claramente contra a realidade das cifras oficiais.

Ademais as notas do IGE fan mención especial ás vivendas de promoción pública asegurando que están incluídas tamén no cómputo das vivendas protexidas. Nese caso estaríamos a falar dunha situación especialmente grave.

En total para o período 2021-2024 apenas houbo 277 vivendas protexidas terminadas e 760 iniciadas. Estas cifras tan baixas porén non se recollen no informe de seguimento do actual de Plan de vivenda elaborado polo Observatorio de vivenda de Galiza. No seu momento xa denunciamos que o Pacto de vivenda de Galiza carecía de toda planificación, xa que a pesar de que a promoción de vivendas protexidas se recollía como o Programa 2 do Acceso á vivenda, non se recollía ningún obxectivo concreto en dito documento. Agora podemos xa comezar a avaliar os resultados dese plan sen plan.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora o ritmo de construción de vivenda protexida dende 2021 a 2024?

- Cantas vivendas protexidas se levan iniciado e terminado no que vai de ano?

- Considera a Xunta de Galiza que se cumpriron os obxectivos do Pacto de Vivenda?

- Están incluídas as vivendas de promoción pública nese cómputo?

- Cales considera que son as causas desta falla de impulso da vivenda protexida?



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 17:48:39
Nº Rexistro: 38779
Data envio: 13/11/2025 17:48:39.724

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Cales van ser os obxectivos concretos nesta materia de cara ao vindeiro ano?

- Cales son os obxectivos da Xunta en vivenda protexida para 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 17:48:39
Nº Rexistro: 38779
Data envio: 13/11/2025 17:48:39.724

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 13/11/2025 17:47:51**

**Luis Bará Torres na data 13/11/2025 17:47:59**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 17:48:39
Nº Rexistro: 38779
Data envio: 13/11/2025 17:48:39.724

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 17:48:40**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:12:26
Nº Rexistro: 38783
Data envio: 13/11/2025 18:12:26.722

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ás medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir o dereito do acceso á enerxía nun contexto de persistente vulnerabilidade enerxética e incremento das necesidades dos fogares galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á enerxía, singularmente para o mantemento do fogar a unha temperatura adecuada, é un elemento de vital importancia para a vida das persoas e afecta á súa saúde, benestar e dignidade. Malia a lixeira mellora nos indicadores xerais de pobreza rexistrada en 2024, a situación de vulnerabilidade enerxética continúa afectando a decenas de miles de fogares galegos.

Segundo os datos máis recentes do Instituto Galego de Estatística (IGE), en 2023 un total de 50.822 fogares galegos atopábanse con carencia material severa, cifra que representa un incremento significativo respecto aos 44.442 fogares de 2020, o que supón un aumento dun 14,36% en tres anos. A carencia material severa calcúlase, entre outros parámetros, tendo en conta aqueles fogares que non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.

Para 2024, os datos do INE indican que a taxa de carencia material severa en Galiza baixou ata o 4,9% da poboación, o que se traduce en aproximadamente 130.000 persoas que aínda viven en situación de vulnerabilidade material. Este descenso, aínda

Asinado o día 13/11/2025 ás 18:09
Por Ariadna Fernández

Asinado o día 13/11/2025 ás 18:08
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 13/11/2025 ás 18:07
Por José Manuel Golpe Acuña

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:12:26
Nº Rexistro: 38783
Data envío: 13/11/2025 18:12:26.722

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que positivo, non debe facernos esquecer que persisten miles de familias que non poden garantir condicións dignas de vida nos seus fogares.

Os datos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico mostran unha evolución significativa no número de beneficiarios do bono social eléctrico en Galiza:

- Decembro de 2023: 97.537 beneficiarios
- Decembro de 2024: 96.043 beneficiarios
- Xullo de 2025: 97.894 beneficiarios

A caída rexistrada entre 2023 e 2024 (1.494 beneficiarios menos) débese principalmente á desaparición da categoría de "Crise Enerxética" tras o final das medidas extraordinarias adoptadas durante a crise de prezos enerxéticos. Non obstante, en 2025 observouse unha recuperación que supera os niveis de 2023, reflectindo un aumento real na vulnerabilidade enerxética da poboación galega.

É especialmente preocupante que máis do 54% dos beneficiarios se atopen na categoría de vulnerabilidade severa, o que indica situacións de extrema precariedade económica e social.

O bono social térmico é unha axuda estatal xestionada polas comunidades autónomas destinada a compensar os gastos de calefacción, auga quente e cociña para os fogares en situación de vulnerabilidade enerxética. Esta axuda concédese de forma automática ás persoas que foran beneficiarias do bono social eléctrico a 31 de decembro do ano anterior.

Nos orzamentos da Xunta de Galiza para 2026, a partida adicada ao bono social térmico ascende a 20,3 millóns de euros, dentro das transferencias finalistas destinadas a compensar gastos de calefacción, auga quente e cociña para fogares vulnerables.

Se ben supón un aumento respecto a anos anteriores, esta cantidade resulta claramente insuficiente atendendo a:



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- O aumento constante de beneficiarios (de 93.615 en decembro de 2023 a 97.894 en xullo de 2025).

- A persistencia de case 50.000 fogares galegos con carencia material severa.

- A desaparición do complemento autonómico ao bono social térmico, que a Xunta eliminara en anualidades anteriores.

- A redución das achegas estatais por tipo de consumidor, baixo a premisa da normalización dos prezos enerxéticos, que non se corresponde coa realidade das economías familiares.

A falta de continuidade e previsibilidade destas axudas xera incerteza e inseguridade nas familias máis vulnerables, que non poden planificar os seus gastos básicos con garantías.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. É consciente a Xunta de Galiza de que case 38.000 beneficiarios do bono social térmico de 2024 seguían sen cobrar a axuda en outubro de 2025, catro meses despois do anuncio oficial?

2. Considera a Xunta aceptable que persoas en situación de vulnerabilidade severa teñan que esperar máis de medio ano para recibir unha axuda destinada a gastos básicos como a calefacción e a auga quente?

3. Por que motivo a Xunta non recupera o complemento autonómico ao bono social térmico, especialmente tendo en conta o incremento de case 4.300 beneficiarios entre decembro de 2023 e xullo de 2025?

4. Que medidas concretas vai adoptar a Xunta para garantir que os beneficiarios do bono social térmico de 2026 cobren a axuda no primeiro trimestre do ano, sen os atrasos sistemáticos que vimos sufrindo?



CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:12:26
Nº Rexistro: 38783
Data envio: 13/11/2025 18:12:26.722

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Vai a Xunta incrementar a partida orzamentaria adicada ao bono social térmico en 2026 por riba dos 20,3 millóns inicialmente previstos? Ata que importe?

6. Que tarefas de control e seguimento realiza a Xunta sobre a xestión das subvencións do bono social térmico para evitar os atrasos recorrentes e mellorar a eficacia administrativa?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:12:26
Nº Rexistro: 38783
Data envio: 13/11/2025 18:12:26.722

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 13/11/2025 18:07:15**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 13/11/2025 18:08:49**
**Ariadna Fernández González na data 13/11/2025 18:09:06**
**Olalla Rodil Fernández na data 13/11/2025 18:09:28**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:12:26
Nº Rexistro: 38783
Data envio: 13/11/2025 18:12:26.722

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 18:12:27**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:21:55
Nº Rexistro: 38793
Data envio: 13/11/2025 18:21:55.856

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 13/11/2 17:05 Por Carlos López Fon

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López**, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, ao abeiro do no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A problemática actual sobre o acceso á vivenda tamén se está a padecer na vila de Foz, que cunha poboación de 10.198 habitantes (segundo os derradeiros datos do Instituto Galego de Estatística, ano 2024), conta con 85 focegas e focegos inscritos no rexistro único de demandantes de vivenda protexida do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia a data de 14 de outubro do ano en curso.

Asinado o día 13/11/2025 ás 17:05 Por Aitor Bouza Manso

Hoxe en día, o acceso a unha vivenda digna e en condicións de principiar ou continuar un proxecto de vida, é un dos maiores retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta o noso país. Acceder a un espazo habitacional decente, seguro e alcanzable é un dereito constitucional, recollido tamén no noso Estatuto de Autonomía no seu artigo 27 que lle confire a Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de vivenda. Polo tanto é a administración autonómica a única responsable e competente nesta esencial materia, a máis responsable e a que dispón de capacidade legal, económica e técnica para corrixir esta situación e remediar o desleixo dos derradeiros anos.

Asinado o día 13/11/2025 ás 17:05 Por Lara Méndez López

O acceso a vivenda é un dos retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta Galicia, tamén nas vilas e localidades que como é o caso do Concello de Foz, sofren a falla de planificación estratéxica, a inacción institucional e a renuncia da Xunta de Galicia, presidida por Alfonso Rueda, ao exercicio sostido no tempo dunha política ambiciosa de vivenda pública. A nosa Comunidade Autónoma, por desgracia, carece dende fai moito tempo dunha política de

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vivenda pública e social, acorde coas necesidades da súa poboación. Máxime nos termos municipais pequenos e medianos e que están a padecer unha presión desmesurada polo pernicioso efecto da proliferación de vivendas de uso turístico, que en concellos costeiros como é o caso que nos ocupa, están absolutamente tensionados e minora a oferta de vivendas en alugueiro convencional. Estamos a cola de Europa moi por debaixo do 5% no que atinxe a existencia dun parque público ou social de vivendas. Un déficit estrutural moi grave no contexto actual de inflación inmobiliaria, onde amplas capas de poboación, especialmente a xente moza, as familias traballadoras e as persoas maiores, ven como o dereito a vivenda se volta nun privilexio só ao alcance duns poucos e poucas.

Esta é a crúa realidade que se está a padecer tamén no Concello de Foz. A escaseza de vivenda para a compra ou o aluguer e os altos prezos da mesma está a supoñer unha grave problema para as persoas que por decisión propia queren desenvolver as súas vidas neste concello mariñán. Segundo diferentes fontes acreditadas, a vivenda en alugueiro en Foz incrementou o seu prezo en máis dun 50% dende setembro do ano 2022, sendo as causas desta suba e do aumento da demanda de vivenda, o pernicioso efecto da proliferación incontrolada de pisos turísticos e o incremento das taxas de emprego.

Na actualidade está sobradamente demostrado e contrastado que a principal causa da falta de vivenda a prezo asumible e razoable é pola nula política de vivenda pública promovida pola Xunta de Galicia nestes derradeiros quince anos de gobernos conservadores. As poucas promocións novas que pregoa o Goberno autonómico, refírense a cidades ou capitais de provincia, esquecéndose de xeito reiterado dos pequenos e medianos concellos como o de Foz, que sofren a presión da vivenda turística.

A pesares de ser a Administración Autonómica a única competente e responsable, dende o Concello de Foz é público e notorio que lles preocupa e

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ocupa esta situación límite no que atinxe a habitabilidade. Por elo o grupo de goberno está disposto a facerse coa propiedade dunha parcela que cá cualificación de solar está posta a venda pola Sareb (Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria), na confluencia das rúas Lugo e Antón Vilar Ponte, fronte a actual casa da cultura.

Segundo consta publicamente o Goberno do Concello de Foz está negociando a consecución da titularidade do solar en cuestión para poder dedicalo a construción de vivenda pública para poñelo a disposición da cidadanía, ofertando vivenda protexida de alugueiro social. En calquera caso, o equipo de Goberno municipal está disposto a adquirir un solar axeitado para a edificación de vivenda pública no termo municipal.

Para elo resulta imprescindible a colaboración da Xunta de Galicia para que logo da sinatura do pertinente convenio de colaboración entre administracións, o Concello ceda a parcela para que a Administración autonómica execute nela a promoción de vivenda pública tan demandada e necesaria nesta localidade.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asina formulan as seguintes preguntas:

1. É consciente a Xunta de Galicia da necesidade imperiosa de promover vivenda pública no Concello de Foz, para paliar a escaseza deste ben de primeira necesidade?
2. Que alternativas manexa a Consellería de Vivenda para facilitar vivenda protexida aos actuais e futuros demandantes inscritos no rexistro único?

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:21:55
Nº Rexistro: 38793
Data envio: 13/11/2025 18:21:55.856

Grupo Parlamentario Socialista

3. Está en disposición a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para asinar un convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Foz para edificar unha parcela adquirida polo Concello e dedicala a alugueiro social?

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 13/11/2025 17:05:32
Aitor Bouza Manso na data 13/11/2025 17:05:40
Carlos López Font na data 13/11/2025 17:05:45

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2025 18:21:55
Nº Rexistro: 38793
Data envio: 13/11/2025 18:21:55.856

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/11/2025 18:21:56**

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-6LIhVowdG-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/